ESPAÑA
FRANQUEO CONCERTADO
F.C. Nº 15000077

VACÚN DE CARNE. O SLG creará un grupo de traballo para o día a día do sector ▸ 4

LEITE. Unhas xornadas conclúen que o modelo produtivo ideal para Galiza é o pastoreo ▸ 12-13

I Foro Labrego de Agroecoloxía, Betanzos 04/12/16
Experiencias e diálogos ao redor dunha alternativa viable e necesaria á agricultura industrial ▸ 5 a 9



FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLIII - Nº 314 - Inverno 2017

SEN DESCANSO CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA



A Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego mantivo unha intensa axenda de traballo ao redor do 25 de novembro, Día contra a Violencia Machista. Ese foi o tema central dunha xornada de traballo no Pazo de Mariñán (Bergondo, A Coruña), o 26 de novembro, á que asistiron un cento de labregas; ou a participación activa tanto nas manifestacións propias desta data reivindicativa como noutras de condena diante dos asasinatos perpetrados nas últimas semanas do ano. Calquera esforzo é pouco á hora de erradicar a lacra do feminicidio que, en 2016, supuxo a morte de 105 mulleres en España, vítimas dos seus cónxuxes ou ex-parellas. ▸ 24-25



Desurbanizando a cuestión LGTBI: Onde quedamos as *transmaribibolleras* do rural? ▸ 3

CONGRESO DE VACÚN DE CARNE. Publicamos os textos (regulamento e relatorio). ▸ Caderno central

VIÑO. O SLG pide que os criterios para conceder dereitos de plantación de viñedo primen profesionais e mocidade ▸ 11

MOCIDADE. O SLG reclama a exención fiscal no IRPF para as axudas de incorporación de xente nova ao agro. ▸ 22

MINAS. O TSXG dita sentenza contra unha concesión mineira a Erimsa na Terra Chá ▸ 15

sindicato labrego galego
comisións labregas

EDITORIAL

O Plano de Fortalecemento do Sector Lácteo ou o conto da leiteira

Galiza inaugura 2017 co triste récord de ser o territorio no que menos se cobra o leite (29,7 céntimos de media fronte aos 31,3 cts. do Estado. Durante o ano 2016, dende xaneiro a novembro, 524 granxas pecharon polos baixos prezos, pasando das 9.078 a 8.554.

Neste período, numerosas explotacións tiveron que enfrontarse a ameazas de abandono da recollida, a impagos, a rebaixas no prezo totalmente abusivas, argumentando a industria todo tipo de argucias: que parte do leite se destinaba para po, sen que nunca a Administración tivese interese en comprobalo pese ás múltiples denuncias; ou rebaixas por condicións de calidade totalmente arbitrarias, obrigando a vender a perdas a miles de granxas galegas (a media no mes de xullo foron de 26,8 céntimos).

Dende a Consellaría de Medio Rural e dende o Ministerio de Agricultura seguen a mirar para outro lado diante das denuncias de impagos que seguen a darse na actualidade por parte de primeiros compradores como, por exemplo, os de Lácteos Macán, de Taboada; ou os de Lácteos Terra de Montes. En decembro de 2016 Lácteos Macán recibía aínda un préstamo subvencionado de 599.769 euros do Ministerio de Economía para unha nova liña de soro en po, ao tempo que levaba meses sen pagar o leite ás granxas e ofertaba queixo en barra a perdas na distribución, tirando polos prezos á baixa.



“Os contratos sen prezo defendidos polo Ministerio de Agricultura e por todas as organizacións galegas que están na Interprofesional Láctea, a excepción do Sindicato Labrego Galego, están a servir para que as empresas obriguen ás granxas a aceptar prezos totalmente abusivos.”

Estes días, a multinacional Lactalis está chegando ás granxas cunha proposta de contrato na que ofrece uns 28 céntimos até o mes de maio, e logo un prezo variable ata marzo de 2018, cunha fórmula referenciada ao prezo medio do último mes vencido. Os contratos sen prezo defendidos polo Ministerio de Agricultura e por todas as organizacións galegas que están na Interprofesional Láctea, a excepción do Sindicato Labrego Galego, están a servir para que as empresas obriguen ás granxas a aceptar prezos totalmente abusivos, sen nada que ver coa suba dos custes de produción e, polo que se ve, tampouco coa cotización dos produtos lácteos, pois a suba destes nos últimos meses non está a chegar ás granxas.

Os representantes de Lactalis, que lidera a recollida de leite en Galiza, manifestaron no xulgado estes días que aínda que asinaron o Acordo Lácteo de setembro de 2015 proposto polo Ministerio, non teñen ningunha intención de trasladarlles ás granxas subas de prezo, aínda que a distribución lles ingrese maiores cantidades. É un exemplo claro de que, como levamos meses denunciando dende o SLG, o Acordo Lácteo é papel mollado e non hai ningún compromiso cun prezo garantido para as granxas. Non podemos seguir permitindo que nos enganen e xa é tempo de que as persoas gandeiras lles digan á conselleira e aos representantes do sector que defenden o mesmo que nin o contrato sen prezo é a solución, nin acordos de sostibilidade que son papel mollado, nin organizacións de produtores lácteos que só están a servir para que estas podan cobrar suculentas subvencións e, en ningún caso, para unha mellora no prezo do leite.

Pedimos tamén que se faga unha AUDITORÍA DE TODOS OS PROXECTOS DE INDUSTRIALIZACIÓN DO LEITE QUE FINANCIE OU AUTORICE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E GARANTÍAS DE QUE O PAGAMENTO DO LEITE SE VAI FACER A PREZOS QUE CUBRAN OS CUSTES DE PRODUCIÓN E UNHA REMUNERACIÓN DIGNA DO TRABALLO.

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual

FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables SL

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso, Conchi Mogo e Daniel Rodicio.

COLABORACIÓNS
Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, Ángel Amaro, Margarida Prieto Ledo, Natalia Nogueira, Xabier Gómez Santiso e Carme Cabarcos.

PECHE DE EDICIÓN 22-01-2017

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Praza do Convento 2. ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154
VALDEORRAS Praza do Concello, edificio sindical 2, 1º, O Barco. ☎ 988 321 511
VERÍN Travesía de Sousas 20, Galerías Maga. ☎ 988 590 438
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Adaxa. Calvo Sotelo 133. ☎ 679 457 264
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615
LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Gradín 1, baixo. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
SILLEDA Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526
PONTEAREAS Rúa Amieiros, portal 1º A, 1º C. ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

Desurbanizando a cuestión LGTBI: Onde quedamos as *transmaribibolleras* do rural?



por **Ángel Amaro,** sociólogo e activista LGTBI

Dun tempo a esta parte vense falado moito sobre as diversas estratexias de visibilización e asimilación que experimentou a comunidade LGTBI en diversos eidos, nomeadamente o mediático. En apenas 10 anos a cousificación identitaria que os medios de comunicación fixeron da sexodiversidade foi tan orquestrada e acelerada que agora xa resulta excesivamente complexo decatarse dos diversos estereotipos que se viñeron explotando e potenciando. Multitude de connotacións binarias e sensacionalistas que constrinxen e limitan unha realidade LGTBI diversa e complexa. Case o 90% da visibilización existente está protagonizada por homes cis, caucásicos, con empregos cool, con corpos normativos e vidas urbanitas. Esí é, vidas glamourosas e exitosas que se desenvolven no interior das urbes.

Desurbanizar a realidade e referencias LGTBI pasa por afastarnos do modelo hexemónico que se nos exporta dende Bruselas, as pasarelas de moda, Mediaset, Madrid, a publicidade sexista, o IBEX 35, Eurovisión, e por que non... Chueca. Estamos ante todo un conglomerado de espazos e grupos de presión que redefinen constantemente cal é o modelo a seguir para as persoas LGTBI. Barrios tematizados, consumismo desenfreado, festas privadas e selectas, roupa cara, turistificación, vigorexia, clasismo e, como non, racismo. Estamos ante o que o activismo transfeminista denominou hai tempo como 'capitalismo rosa'. É dicir, a globalización dun modelo estándar e extrapolábel en todo momento e lugar; sen ter en conta a idiosincrasia, outras diversidades, etc.

E ben, nesta ecuación capitalista, *gaicéntrica* e urbanita, que pintamos as persoas LGTBI galegas? É máis, que papel temos as persoas que, de xeito temporal ou permanente, habitamos o rural? Que tipo de referencias rurais temos, ou podemos construír, neste contexto? De que xeito se visibiliza a realidade LGTBI rural nos medios de comunicación? Moitos interrogantes e moitos debates que se solapan.

Eu, gai precario do rural, cada volta teño máis claro que debemos faguer un esforzo por evitar a *chuequización* das nosas vidas neste país. Porque o 'capitalismo rosa' non está moi desenvolvido na Galiza, mais estes procesos de colonización e asimilación nunca se desactivan esperando momentos mellores. Non debemos esquecer que as empresas que fan negocio coa cuestión LGTBI están moi interesadas en que o rural non teña futuro. Non vaia ser que habitar o rural fomente a creación de estilos de vida críticos coa lóxica neoliberal e entre a crise o negocio do século: a tematización das nosas identidades sexuais.

"Eu, gai precario do rural, cada volta teño máis claro que debemos faguer un esforzo por evitar a *chuequización* das nosas vidas neste país. Porque o 'capitalismo rosa' non está moi desenvolvido na Galiza, mais estes procesos de colonización e asimilación nunca se desactivan esperando momentos mellores."

O modelo a seguir e imitar é o da cidade masificada, consumista e individualista. Acaso pensades que o certame *Mr Gay World* se fai pensando nos homes con corpos non normativos que, ademais, habitan no rural? Credes que o evento *WorldPride* está preocupado polo comercio local e as novas formas de habitar o rural na Galiza? Obviamente, non. O 'capitalismo rosa' ignora a realidade LGTBI rural porque non contemplan o rural como unha posibilidade. É por iso que nós, LGTBI rurais, somos tachad*s de ilus*s, inxenu*s ou frikis polo simple feito de plantexar outras formas de enunciarnos fóra das cidades e das metrópoles.

As persoas LGTBI non urbanitas que defendemos un rural diverso e con futuro debemos pór en valor outras referencias e vivencias LGTBI alternativas ao *canon gai-friendly*. Outras formas de ser LGTBI que, até o de agora, están sendo invisibilizadas polo relato oficial. Desurbanizar a realidade LGTBI pasa por non invisibilizar boas prácticas que para moit*s de nós teñen un rol protagónico na nosa axenda militante: o troco, o coidado, o cooperativismo, a vida en comunidade, o decrecemento, os saberes populares, a reciclaxe, o convivio interxeracional e, como non, a defensa do patrimonio. Porque si, a *chuequización* desgaleguízanos a tódolos niveis e non axuda a normalizar a vida cotián de agricultoras, gandeiras, pescadoras e xentes do rural que non son/somos heterosexuais. Non esquezamos que o que non se ve non existe, e parece ser que só existe o modelo Mediaset. Estamos ante un dobre armario que debemos rachar: o LGTBI e o rural.

De nós depende que se socialice a idea de que no rural sempre houbo xente LGTBI. Que o rural sempre foi diverso e aberto ao mundo. Afastarnos da *ruralfobia* é un eixe prioritario para nós, esí como falar de sexualidades disidentes máis alá das fronteiras da cidade e visibilizármonos como rurais LGTBI que somos. Compre deixar ben claro que a cidade non é a panacea, que Chueca non é o paraíso e que non hai un só modelo de Orgullo. Non debemos esquecer, compas da trincheira sexodiversa, que é posíbel e urxente crear e potenciar o noso propio imaxinario rural; galego e en galego. Porque non debemos elixir entre ser LGTBI ou ser rural; entre desenvolver unha identidade afectivo-sexual ou unha identidade cultural.



Eiquí e agora... *transmaribibolleras* do rural por unhas aldeas diversas!

VACÚN DE CARNE ▸ Elixirase no congreso que se celebrará o 11 de febreiro en Guitiriz e servirá para levar á práctica as decisións da dirección sectorial

O SLG creará un grupo para xestionar a axenda do sector da carne de vacún

Os principais problemas que traballará serán o acceso a terra, os prezos, os danos da fauna salvaxe, os servizos e a PAC



Imaxe de arquivo da Dirección da Carne do SLG xurdida do último congreso

A finais de 2016, a Dirección da Carne do SLG mantivo o seu último encontro antes da celebración do Congreso de Vacún de Carne, evento para o que fixou como data o 11 de febreiro de 2017 e se marcaron como temas de referencia para o relatorio a terra, os prezos, a Política Agraria Común (PAC), a fauna salvaxe e os servizos no rural.

Precisamente, estes temas figuran entre as principais preocupacións dos gandeiros e gandeiras de vacún e marcarán a axenda dun grupo de traballo no SLG que se creará no Congreso e se encargará do día a día deste sector.

En canto á análise da situación actual que viven as granxas de vacún de carne, concluíuse que algunhas das principais problemáticas que sofren non só non atopan solución, senón que empeoran. Por exemplo en cuestión de **prezos** seguimos con valores moi baixos, en torno aos 4'40 e os 4'60 € por quilo, e cotizacións máximas de 4'90 € para gando ecolóxico. Só na venda directa a carnicerías se alcanzan os 5 € por quilo.

Outra cuestión que preocupa seriamente a gandeiros e gandeiras é a dos **danos da fauna salvaxe**, sexan ataques de lobos, sexan de xabaril. Dende a Dirección da Carne, séguese a defender que estes danos deben ser custeados pola sociedade no seu conxunto e non polas ganderías damnificadas en exclusiva. E iso, polo tanto, debe traducirse nunhas indemnizacións suficientes e áxiles por parte da administración, nada que ver co que temos agora: excesiva burocracia, dificultade para cobrar e demoras de tres anos até o ingreso da indemnización.

As **axudas da PAC** poden paliar en parte a baixa rendibilidade da profesión ocasionada polos baixos prezos e custes extraordinarios como os ataques da fauna salvaxe. Porén, nin sequera neste eido é efectiva a administración, con todas as PACs de 2016 e algunhas de 2015 aínda sen cobrar; en canto ás axudas agroambientais, a finais de 2016 aínda non se sabía se foran aprobadas as de 2015. Dende a Dirección da Carne do SLG culpan desta situación aos recortes no cadro de persoal da Consellaría de Medio Rural e á falta de experiencia de parte do funcionariado. Por todo isto, dende a Dirección da Carne acordouse esixir da Administración que se dote con suficiente persoal a Consellaría para axilizar a tramitación das axudas da PAC.

A nivel internacional, unha das cuestións que máis preocupan son os **tratados de libre comercio**, coma o TTIP ou o CETA, xa que o sector cárnico sería un dos máis prexudicados pola apertura de fronteiras a países superprodutores de carne como EEUU ou Canadá. Da **nova PAC**, en fase de debate, denunciouse que os cambios contemplados serán nocivos para a produción labrega.

Crean un selo para a carne de boi e vaca en Tenreira Galega

Nun plano positivo, o noso vocal da Indicación Xeográfica Protexida (IXP) Tenreira Galega, Adolfo Cabarcos, informou sobre a creación dun nova liña dentro deste selo de calidade orientada ao vacún maior de cara a mellorar a saída comercial da carne de vaca e de boi. Dende a IXP estiman que unhas 10.000 granxas poderían acollerse a este novo selo, cunha produción de 30.000 canles por ano e 10.000 toneladas de carne comercializada. A previsión é que esta carne de vacún maior certificada chegue ás tendas a mediados de 2017.

VENDA DIRECTA ▸ O SLG volveu estar entre as entidades organizadoras

Ponteareas celebrou a novena edición da súa Feira do Outono en novembro

A Praza Maior de Ponteareas foi o escenario da novena edición da Feira de Outono, que se celebrou na fin de semana do 4 ao 6 novembro, e na que, un ano máis, o Sindicato Labrego Galego foi unha das entidades organizadoras xunto ao Centro de Recuperación de Cultura Popular, Galiza Nova e o concello.

Coma noutras edicións, a actividade central da feira, o sábado e o domingo, foi a exposición e venda de produtos tradicionais e ecolóxicos, o meirande de tempada, como mel, galletas, chocolate, queixo, viño, pan, requeixo, mirabeis, conservas, hortalizas, doces, cervexa ou licores.

Con esta feira, as entidades organizadoras queremos apostar "*polo consumo consciente, local e de proximidade en base á sustentabilidade do medio ambiente, á actividade empresarial e ao coidado do territorio*".

Ademais, houbo actividades complementarias coma os postos de artesanía, o magosto popular do domingo, ou unha programación centrada nos cogomelos cunha charla de Anxo Fernández, unha saída micolóxica e a posterior exposición.





As instalacións do antigo matadoiro de Betanzos acolleron ao centernar de participantes que viñeron de toda Galiza para dialogar e compartir experiencias no primeiro Foro Labrego de Agroecoloxía

I FORO LABREGO DE AGROECOLOXÍA ▸ A vila de Betanzos acolleu, o 4 de decembro, este evento que congregou un cento de persoas para intercambiar ideas e experiencias

Agroecoloxía: a alternativa necesaria e viable á agricultura industrial

Organizado pola Asociación Herbamoura, contou co financiamento da Deputación da Coruña e a colaboración do SLG

A vila de Betanzos acolleu o que había ser o primeiro Foro Labrego de Agroecoloxía, un espazo de diálogo e debate organizado, especialmente, para persoas que teñen na agricultura a súa profesión e que ven cada vez máis necesario un cambio radical e alternativo ao sistema agrícola industrial dominante.

Foi o 4 de decembro nas instalacións do antigo matadoiro betanceiro e contou co apoio financeiro da Deputación da Coruña.

Para dar cabida a todas as voces e inquedanzas que están a construír na actualidade a agroecoloxía na Galiza, o foro estruturouse en catro partes. Unha primeira introdutoria, na que falaron os economistas e profesores universitarios Xavier Simón e Xoán Doldán, amais da secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba. Unha segunda que, baixo o título "Darlle a volta", achegou a testemuña de persoas que, vindo doutras profesións ou ámbitos, apostaron pola agricultura e iniciaron proxectos baseados na agroecoloxía. A terceira, xa centrada en experiencias de transformación de produtos agrarios. E, finalmente, unha táboa redonda na que participaron representantes de organizacións sociais e de consumo que traballan en clave agroecolóxica e de soberanía alimentaria.

Se algo ficou claro tras esta xornada intensiva de traballo é que a agroecoloxía é un movemento que cada vez está a cobrar máis forza na sociedade galega, sexa a través de labregos e labregas que apostan por vías alternativas á produción industrial de alimentos, sexa a través dos consumidores e consumidoras que, paseniño, están máis organizadas e son máis conscientes do que consumen e queren consumir. Aínda que se podería encher un Fouce coas intervencións íntegras e os debates que xeraron, tentaremos na medida do posible, nestas páxinas que seguen, achegar un resume do que deu de si o foro a quen non puido acudir, e animando a participar en futuras edicións.

SEGUE ▸

A potencialidade da agroecoloxía na Galiza



XAVIER SIMÓN ▸
Universidade de Vigo

Para Xavier Simón, "*debemos ser ambiciosos e contundentes na demanda de novos modelos produtivos totalmente afastados do actual que está baseado no consumo masivo de combustibles fósiles*".

O profesor da Universidade de Vigo fixo un rápido repaso das consecuencias que están a ter o actual modelo alimentario: as enfermidades non contaxiosas como primeira causa de morte mundial; a concentración de recursos como insumos agrarios e sementes cada vez en menos mans; o transporte de alimentos a distancias fóra de toda lóxica; a inxusta distribución, orientación e desperdicio das producións alimentarias como unha das principais causas de fame, etcétera.

Estes problemas indican que é necesaria unha transición cara a modelos agroecolóxicos diversificados. E para realizar este tránsito, Xabier Simón apuntou sete recomendacións:

- A agricultura débese medir en base a parámetros distintos aos clásicos de renda, rendemento por hectárea e produtividade por traballador/a; e usar outros como emisións de CO^2, output total por hectárea, servizos ecosistémicos, etc.
- Apoio público aos sistemas de produción agroecolóxicos diversificados.
- Apoio ás canles curtas de comercialización e ás infraestruturas alternativas de venda polo miúdo.
- Compra pública para apoiar a produción ecolóxica local.
- Fortalecemento dos movementos que unifican diversas sensibilidades ao redor da agroecoloxía.
- Perspectivas agroecolóxicas deben incluírse nas axendas de investigación e educativas.
- Planificación e políticas alimentarias vs. voluntarismo.



XOÁN DOLDÁN ▸
Universidade de Santiago

Doldán centrouse en temas enerxéticos e, dende este punto de vista, a agroecoloxía é a única alternativa posible.

Dende hai dous séculos, coa revolución industrial, a produción alimentaria relegouse como unha actividade que, cada vez, ocupa menos persoas. "*A pesares de que a produción de alimentos é residual como actividade para as persoas, é unha fonte de negocio para moitas corporacións industriais que se están apropiando da agricultura. Isto xera paradoxos como que gran parte da xente que pasa fame no mundo se dedique a producir alimentos*".

Que cada vez menos persoas se dediquen a producir alimentos é grazas a un modelo enerxético baseado no consumo de petróleo. Sen petróleo, non poderiamos producir e consumir alimentos como facemos hoxe en día grazas a fertilizantes, transporte barato, mecanización, materiais, procesos fabrís... Esta dependencia do petróleo fainos altamente vulnerables e dependentes dos alimentos do exterior: "*Se por calquera motivo houbese un desabastecemento enerxético, non só teriamos o problema de conseguir fontes alternativas de enerxía; ademais, deixariamos de ter os alimentos que precisamos para sobrevivir*".

Diante disto, "*a diversificación que promove a agroecoloxía faría de nós unha sociedade menos vulnerable, mesmo diante de desafíos como o cambio climático*".

Por todo o devandito, Doldán mantivo a necesidade de "*sermos menos dependentes do petróleo"* a través de pequenas transicións, como deixar de exportar e importar alimentos a longa distancia, diversificar e producir máis en cada territorio para non depender tanto do exterior, apostar por métodos de cultivo menos dependentes do petróleo, etc.



ISABEL VILALBA ▸
Sindicato Labrego Galego

Retomando a alta dependencia do petróleo por parte do modelo agrícola domintante, a secretaria xeral do SLG comezou auspiciando o encarecemento progresivo da actividade agraria pola escaseza de combustibles fósiles, provocando máis abandonos. Fronte a este "*modelo de agricultura sen agricultores*", Isabel Vilalba reivindicou a agroecoloxía e a necesidade de mudar políticas.

Un bo exemplo da importancia das políticas e modelos agrarios témolo na Galiza que, dende a súa entrada no Mercado Común en 1986, pechou boa parte das 112.000 granxas que tiña, o meirande multifuncionais, que aproveitaban no seu beneficio os ciclos e fertilizantes naturais, e que producían alimentos mais diversos, abundantes e sostibles; para substituílas por granxas cunha soa produción para proporcionar materia prima barata ás industrias e alimentos insáns e de gran impacto ecolóxico: só na Unión Europea hai 50.000 mortes ao ano por resistencia aos antibióticos, feito que pode estar relacionado co seu uso masivo no cebo industrial de gando.

Outras consecuencias do modelo industrial están a ser o abandono do rural, a emigración de xente moza, a agricultura e a alimentación en poder de cada vez menos mans, etc.

Fronte a este modelo industrial inviable, Isabel Vilalba defendeu a agroecoloxía, coincidindo con Simón e Doldán na necesidade de mudar radicalmente as políticas agrarias; pero "*tamén debemos movernos nós creando redes, movementos, organizándonos no local, compartindo coñecementos, etc*".

Finalmente, Vilalba reivindicou o papel esencial das mulleres e da mocidade no desenvolvemento da agroecoloxía. **SEGUE ▸**


Dándolle a volta á produción de alimentos

Granxas de Lousada é unha explotación ecolóxica do Irixo que rexentan Sergio Boado e Dolores Porto en Irixoa (A Coruña) e na que xa van axudando os tres fillos que teñen (ver páxs. 14 e 15 do Fouce 308). Producen vacún para carne, ovino, porcino e horta, e están dando os primeiros pasos en cría avícola para carne e ovos.

Aínda que pareza obvio, Sergio destacou en primeiro lugar o nome "*de Lousada*" para subliñar a importancia da ligazón a un territorio, xa que só se o proxecto vai ligado a un lugar, terá futuro. Isto é así porque o lugar permanece e dá traballo agora, igual que o deu no pasado e llo dará a futuras xeracións. "*Non é o mesmo que poñerlle un apelido que pode morrer contigo*". Porén, o apelido "ecolóxico" non llo puxeron, xa que aínda que hoxe teñen o selo do Craega, no futuro non descartan deixar a certificación.

Como noutras comarcas leiteiras de Galiza, Sergio e Dolores tiveron problemas para facerse con suficiente base territorial. Por iso, conseguiron que lles cedesen a xestión do monte comunal de Lousada, que ten 360 hectáreas, para facer outros aproveitamentos a maiores do convenio que a mancomunidade ten coa Xunta para explotación de madeira. Así, a partir de agora, tamén haberá unha explotación apícola no monte, estanse inoculando troncos para producir cogomelos, e criaranse porco celta e ovellas.

Outro dos eixes desta granxa é a aposta pola venda directa, tanto a grupos de consumo como en mercados de preto como o de Betanzos ou o de San Agustín, na Coruña. Aínda que venden case a totalidade da produción a través destas canles, tamén destinan unha pequena porcentaxe para a industria.



SERGIO BOADO ▸
Granxas de Lousada (Irixoa)

Antonio Carral (ver contraportada do Fouce 295) foi un gandeiro pioneiro na Galiza ao envasar e comercializar leite cru de vaca ecolóxico da granxa que rexenta na parroquia d'O Alle, en Lalín. Ao redor de 40 hectáreas e cunhas 30 vacas en produción, a explotación de Antonio é case autosuficiente. Tan só merca unha tonelada de fariña ao ano, que co pastoreo e os cultivos propios cubren a totalidade da alimentación do seu gando.

Porén, non foi un camiño doado. Antonio colleu as rédeas da granxa familiar da súa compañeira. Con seis vacas e todo por aprender, a formación que recibiu foi a dun modelo de produción industrial que era o que ensinaban no curso de incorporación no que aprendeu o oficio. "*A min o que me ensinaron foi a ser un escravo dun sistema*", quéixase Antonio. "*Nun prazo de dez anos, chegamos a ter 70 cabezas de gando, pero o 90% do que daba a nosa granxa levábano outros*". Por iso, en 2002, decidiu reconverter a explotación a ecolóxico, o cal supuña desandar o andado: "*Diminuímos a cantidade de vacas e orientámonos cara a autosuficiencia, sen ningún tipo de asesoramento e aprendendo en base aos propios erros*". En 2008, foi cando deron o paso máis arriscado, o de facer o que ninguén facía: embotellar leite cru con marca propia. "*Sabiamos que os primeiros anos non iamos vender moito, pero valéronnos para descubrir onde facelo*".

Así, comercializaron en tendas e mercados até que deron con Internet, medio a través do cal venden hoxe o 80% do leite que produce, principalmente a consumidores e consumidoras que o utilizan como alimento ou para elaborar kéfir. Da distribución encárgase unha empresa de transporte.



ANTONIO CARRAL ▸
Leite O Alle (Lalín)

Aínda que Eva e Nelson viñeron de Pontevedra, rexentan en Sanguñedo (Vilar de Santos, Ourense) un pequeno obradoiro de transformación: Carabuñas. O nome vén dos ósos das froitas, "*unha palabra en desuso que quixemos recuperar*" e o proxecto foi posible grazas ás instalacións que conseguiron do concello en réxime de concesión.

O que quixeron facer con esta empresa foi algo totalmente novidoso na Galiza: poñer en valor o sabugueiro. Tradicionalmente, na nosa terra, utilizouse este arbusto e os seus froitos e flores para fins medicinais, cosméticas, farmacéuticas, madeireiras e tintureiras. Porén, nunca se utilizara como alimento, a pesares de ter un amplo uso como tal noutras culturas, agás para escurecer o tinto cando saía clarete de máis nalgunhas zonas vinícolas.

Ao ser un eido sen referencias na Galiza, tiveron que dedicarlle os primeiros anos a investigar, dende estudar que variedades eran as que mellor se adaptaban á nosa terra, até experimentar coas receitas dos produtos que querían elaborar, como as marmeladas. Agora mesmo teñen en marcha unha plantación experimental con 50 pés de sabugueiro, máis outras dez variedades para ter diversidade. Neste senso, Eva e Nelson botan de menos a implicación dos ámbitos académicos á hora de realizar investigacións que despois poidan ser levadas á práctica por proxectos coma o seu.

A intención de Eva e Nelson con este traballo previo é a de elaborar coa baga de sabugueiro marmeladas, licores e cervexa. Coa flor, farán xelea. En canto á comercialización, tanto o que fan agora como o que producirán, optaron por canles directas como mercados, venda online, restaurantes e tendas. **SEGUE ▸**



EVA GONZÁLEZ ▸
Carabuñas (Vilar de Santos)

Proxectos de transformación



MELITÓN LÓPEZ ▸
AMAYUELAS de ABAJO

Poderíanse traer a colación moitas experiencias agroecolóxicas de Amayuelas de Abajo (Palencia), pero Melitón López estivo en Betanzos para falar do matadoiro de polos ecolóxicos no que participa. Melitón hai dúas décadas que cría polos e, xa ao comezo, tivo un problema: se quería vender aves xa sacrificados a restaurantes ou tendas era obrigatorio que pasasen por un matadoiro. Ir ao matadoiro máis preto, o de Benavente, era inviable: estaba a 100 quilómetros e para matar aves ecolóxicas tiña que estar limpo de calquera resto de aves convencionais.

Por esa razón, tiveron que construír o seu propio matadoiro e, de paso, descubrir que toda a normativa que rexe estas instalacións está pensada para proxectos industriais e non de pequena escala como a súa, na que sacrifican entre 100 e 150 aves dúas veces ao mes. Iso obrigounos a construír nun local moi reducido, de pouco máis de 100 m^2, todas as dependencias dun grande matadoiro: sala de inspección veterinaria ante-mortem, vestiario, ducha, zona de atordamento, de sangrado, de espumado, de eviscerado, e de conservación en frío.

Agora mesmo, o matadoiro está en funcionamento e dá saída ao traballo de catro granxas de polos ecolóxicas que venden a súa produción directamente a particulares e grupos de consumo.

Melitón explicou que noutros países, como Francia, as granxas teñen pequenos matadoiros sen tanto requisito burocrático. Outra queixa foi que "*a normativa europea é moi ampla, e despois desenvólvena os estados e as comunidades autónomas. Así, dependendo do funcionario, poden autorizar ou prohibir a mesma instalación sen saírse da norma*".

Dora Cabaleiro (ver contraportada do Fouce 297) falounos de Ribeiregas, un grupo de mulleres que, dentro da Cooperativa Ribeira do Navia (Negueira de Muñiz), traballan na elaboración e transformación de hortalizas e froitas. "*As ribeiregas levamos dez anos traballando, con moita investigación e ensaios, dándolle forma ao noso proxecto até que, en 2011, acadou forma legal*".

Estas mulleres traballan o ciclo completo do alimento, dende a súa sementeira e cultivo; pasando pola elaboración de marmeladas, conservas, encurtidos, zumes, doces, pan, etcétera; até a venda final a particulares, en mercados e a grupos de consumo. "*Isto supón moito traballo para nós. Vendemos no Mercado da Terra (Lugo) e no de Ribadeo, no noso obradoiro e a grupos de consumo. Agora mesmo, estamos en trámites para obter o rexistro sanitario e poder vender a tendas*". Só nalgunhas producións, como a mazá para zume, mercan fóra parte da materia prima para cubrir toda a demanda.

Dora incidiu na necesidade de darlle importancia aos beneficios do seu traballo máis alá da remuneración económica: "*Polo de agora, logramos cubrir o investimento inicial e custear gastos como a Seguridade Social, xestorías, transporte, etc. Agardamos que coa venda a tendas poidamos ter un salario duns 300 € ao mes limpo de gastos. E preguntarédesvos, ¿iso é suficiente para vivir no rural? Para nós vivir no rural non só implica gañar cartos. Produzo alimentos sans para a miña familia e a min apóiame unha comunidade. Se eu preciso que alguén coide das miñas crianzas, por exemplo, ou moitos outros servizos que non podo asumir, a miña comunidade dáme soporte. E para min iso ten un valor superior ao dos cartos*".



DORA CABALEIRO ▸
Coop. RIBEIRA DO NAVIA



SONIA COUSO ▸
Coop. AMARELANTE

"*Amarelante naceu nos soutos de Manzaneda*". Así comezou Sonia Couso a súa intervención, que resume o espírito desta cooperativa que se dedica á xestión integral de soutos abandonados. Desta maneira, coa recuperación dun recurso local, cinco familias, cunha achega inicial de 3.000 € cada unha, puxeron a andar Amarelante. "*Foi unha tarefa complicada*", recordou Sonia. "*Estamos a falar de castiñeiros centenarios cuxa produtividade nunca se vai achegar á dos castiñeiros de nova plantación. Era máis doado adquirir terreo sen pendente e plantar en marcos de 10x10 para traballar con maquinaria. Pero, ¿que faciamos cos soutos que temos?*"

Traballar soutos centenarios condiciona todo o labor de Amarelante: "*Trátase dun proceso con moita man de obra. Entre outubro e decembro, apañamos castañas. Despois: almacenar, pesar, seleccionar, pelar, etiquetar. Todo a man*". Aproveitar os soutos implica tamén ter que mercar castaña fóra, xa que "*a variedade Amarelante, que é a que temos aquí, é boa para consumo en fresco, pero difícil de secar, polo que precisamos outra caste para o secado ou para facer fariña*".

Se sacarlle rendemento aos soutos é tan complicado, ¿por que, entón, traballalos? Porque "*cremos que o rural é o noso futuro e o dos nosos fillos e fillas e sabemos que Manzaneda ten moitos recursos sen explotar. Hoxe, unha parte do noso modo de vida está na castaña, e agardamos que sexa o 100% a medio prazo*".

Desta maneira, Amarelante racha cun xeito de explotar os soutos consistente en apañar a castaña en tempada para venderlla a un intermediario. Pero iso "*é un mes de traballo e o valor engadido marcha para Francia ou Italia*".

SEGUE ▸

Organizacións sociais e de consumo

Isabel Álvarez Vispo, Urgenci

A palestra sobre organizacións sociais e consumo iniciouna Isa Álvarez Vispo, a quen entrevistamos no Fouce 302 sobre a rede de consumo Nekasarea. Nesta ocasión, Isa falounos de Urgenci, a rede mundial da agricultura sostida pola comunidade (Community Suported Agriculture-CSA).

Álvarez explicounos que cómpre diferenciar os grupos de consumo dos CSA. A diferencia está no compromiso: "*Un CSA non é unha mera cuestión loxística, as persoas non se xuntan só para comercializar dun xeito alternativo senón que van máis alá ao xerar comunidade. Nos CSA, ademais de mercar, tamén se asumen valores, como dignificar as producións, a visión de xénero, etc. Non só construímos canles alternativas de comercialización, construímos outro sistema económico*".

Como exemplo deste compromiso, Isa explicou que "*se vén un temporal e lle destrúe a unha granxa do CSA os invernadoiros, tentamos buscar solucións. Esa granxa, aínda que quede sen produción, segue precisando vender para vivir. Na comunidade xéranse caixas de resistencia e outros mecanismos para que a xente con problemas estea protexida. E o mesmo ao revés: se algunha das persoas consumidoras queda sen traballo e non ten para mercar os produtos do CSA, vai recibilos igual. Nos CSA, os problemas dos membros son os problemas da comunidade*".

Belén Fervenza, SPG A Gavela

A seguinte en falar foi Belén Fervenza e fíxoo sobre o primeiro sistema participativo de garantías (SPG) da Galiza: A Gavela (ver páxinas 12 e 13 do Fouce 311). A idea xurdiu na cooperativa de consumo Árbore, de Vigo, para atender unha realidade: a das granxas ecolóxicas que non tiñan o selo do Craega e que, polo tanto, non podían vender os seus produtos na tenda. Belén explicou que "*hai moita xente que vende alimentos ecolóxicos en mercados ou a través de circuítos curtos de comercialización, e non precisan o certificado porque as persoas que mercan coñecen o produto e a granxa. Ademais, un produto, por estar certificado, non ten porque cadrar co que nós entendemos que debe ser unha produción ecolóxica*". Para ilustrar isto, Belén puxo o exemplo de Coren, unha das industrias máis contaminantes da Limia, con cooperativistas ligados á empresa en condicións leoninas, pero que produce polo ecolóxico.

Por razóns como as devanditas, n'A Gavela, marcáronse os seguinte preceptos de obrigado cumprimento para quen queira formar parte deste sistema:

- Prohibición de usar produtos de síntese química como fertilizantes, herbicidas, funxicidas, insecticidas, etc. Prohibición tamén de empregar transxénicos de calquera tipo.
- O SPG non certificará empresas nin proxectos que impliquen beneficios baseados na explotación das persoas.
- Mantemento da fertilidade natural do solo, fomento da biodiversidade e o policultivo.
- Respecto á dignidade da terra, animais e plantas.
- Participación activa no SPG.
- Transparencia dos proxectos: acceso libre e sen restricións ás zonas de traballo, tan-to para os verificadores, como para os clientes en xeral.
- Preferencia polos Circuítos Curtos de Comercialización: venda directa e local.
- Apoio mutuo en lugar de competencia: aceptación dos prezos de venda acordados entre os produtores e renuncia a competir baixándoos.
- Prohibición de compaxinar ecolóxico con convencional.

Dora Cabaleiro e Vítor Boga, Mercado da Terra

Para falarnos do Mercado da Terra, tivemos dous dos seus participantes: de novo Dora Cabaleiro, e Vítor Boga, produtor de Vilasantar. O Mercado da Terra leva cinco anos funcionando, e comezou por iniciativa dun grupo de consumo: O Bandullo Ecolóxico.

Hoxe, o Mercado da Terra abre os martes en horario vespertino. Trátase dun mercado autoxestionado onde produtoras e produtores deciden quen entra e quen non en función duns requisitos que garantan a calidade dos produtos vendidos. "*Fixamos moitos criterios: sociais, ambientais, coidados, produción, asistencia, continuidade, etc. Foi un traballo bonito definirnos, tanto as persoas que producimos como as que mercan*", recordou Dora.

En definitiva, trátase dun mercado moi baseado "*na relación de confianza coas persoas que consumen*", explicou Vítor, "e *iso alimenta máis cós cartos das vendas*".

Agora mesmo, e para incluír as granxas ecolóxicas que non teñen selo do Craega, o Mercado da Terra está a poñer en marcha o seu propio sistema participativo de garantía.

Marcial Blanco, cooperativa de consumo Zocamiñoca

Marcial Blanco, da cooperativa de consumo Zocamiñoca, volveu insistir na idea de que o consumo responsable non se limita a mercar alimentos aos que non se lles botan produtos químicos. "*Ti cando mercas un produto, non mercas só o alimento; tamén mercas todo o proceso, dende que ese alimento nace dunha semente até que chega á túa mesa. Mercas a semente, os fertilizantes e os abonos, o traballo de cultivo, o salario de quen o traballa, o transporte... Mercas todo. O consumo responsable implica que todo iso que mercas respecte os teus principios éticos. Cando mercas tomates de Marrocos no Carrefour, estás mercando algo moi distinto que cando lle mercas tomates a un produtor da túa comarca. A min non me vale un alimento producido con criterios ecolóxicos pero que debe ser transportado miles de quilómetros para chegar á nosa mesa ou é producido en condicións laborais indignas. Co consumo responsable traballamos un modelo de sociedade.*" **FIN ■**



COMERCIALIZACIÓN ▸ Colaborou na organización dun grupo de consumo e dun sistema participativo de garantía

O SLG apoia iniciativas de venda directa en Compostela e Melide

Mentres que en Santiago se propiciou o diálogo sobre os SPGs, na comarca melidense xa comezaron a mercar a produtores locais

A finais do ano pasado, organizadas pola Asociación Herbamoura, desenvolvéronse varias accións dirixidas a fomentar a relación directa entre labregos e labregas e consumidores e consumidoras. A primeira delas foi o 26 de novembro e o 3 de decembro, en Melide, onde se celebraron unhas xornadas sobre consumo responsable. En Santiago, o 14 e 21 de decembro, houbo uns encontros para dialogar sobre os sistemas participativos de garantía e estudar a posibilidade de crear un proxecto desta caste na bisbarra compostelá. Ambas experiencias contaron coa colaboración do Sindicato Labrego Galego e o financiamento da Deputación da Coruña.

Mentres que a xornada sobre sistemas participativos de garantía serviu como primeira toma de contacto entre persoas e colectivos interesados nesta cuestión, en Melide xa comezou a funcionar un grupo de consumo que integra, agora mesmo, unha ducia de familias. As súas compras van dende a adquisición semanal de leite fresco ecolóxico na granxa de Manuel Ramos Garea (Zas de Rei, Melide); a pedidos quincenais á explotación Millo e Landras, de Vilasantar; pasando por pedidos de produtos de fóra de Galiza, como aceite de oliva. Ademais, encargaron produción de horta ecolóxica a unha das familias participantes no proxecto co compromiso de mercarlle verduras a medida que as teñan.



Para constituír o grupo de consumo de Melide houbo varias xuntanzas previas, como a da imaxe, para definir uns procesos de compra que integrasen a maioría

AXUDAS ▸ A publicación dos anuncios oficiais só no DOG e a falta de acceso a Internet e ás novas tecnoloxías no rural dificultan a presentación de reclamacións en prazo

O SLG denuncia deficiencias na publicidade das asignacións de dereitos da PAC

O pasado 15 de novembro, o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) publicaba no Diario Oficial de Galicia (DOG) unha resolución pola que se daba publicidade á asignación de dereitos do réxime do pagamento básico da Política Agraria Común (PAC). Tratábase dunha importante resolución para as nosas granxas, xa que nela se fixaban os dereitos en base aos cales se determinará a contía das axudas para máis de 30.000 labregos e labregas da Galiza no período 2014-2020, dándoselle ás persoas afectadas un mes de prazo para alegar ou facer reclamacións.

A pesares da importancia que tiña esta resolución, a publicidade que se lle deu foi moi deficiente, pois só se publicou no DOG, un medio para comunicar avisos oficiais ao que a maior parte dos e das profesionais da agricultura non accede case nunca. Ademais, tampouco se avisou dende a Xunta que o DOG ía ser o medio para poñer en coñecemento das persoas interesadas a apertura do prazo de alegacións. Así, cando xa pasaran quince días dende a publicación da resolución no DOG, comezaron a chegar aos domicilios das persoas interesadas as primeiras cartas de aviso por correo ordinario. Sabendo os precarios medios dos que dispón Correos no rural e a escasa frecuencia de reparto nas parroquias e aldeas, é de prever que moitas persoas interesadas non fosen avisadas en prazo de que o seu nome fora publicado no DOG cunha asignación de dereitos pola que xa non poderán reclamar.

No mellor dos casos, o daquelas persoas que si viron a resolución no DOG ou recibiron a carta de aviso en prazo, non lles foi comunicada información esencial sobre os dereitos asignados para poder saber se deben ou non reclamar. Para iso, era necesario facer a comprobación por vía electrónica, un medio ao que non todo o mundo no rural ten acceso.

✔ Desigualdade para as persoas que viven sen cobertura telemática no rural

Para o SLG, o xeito de comunicar avisos oficiais por parte da Xunta nos sectores agrogandeiros, e a informatización de todos os procesos administrativos ligados, marxina miles de labregos e labregas. Cómpre ter en conta que o agro galego está moi envellecido, cun 60% dos e das profesionais cunha idade superior aos 60 anos. Normalmente, as persoas que teñen unha idade avanzada non se desenvolven ben coas novas tecnoloxías ou carecen de equipos e servizos electrónicos como ordenadores, smartphones ou conexión a Internet. Esta xente sofre unha indefensión absoluta e a súa marxinación respecto doutr@s colegas de profesión. A isto habería que engadir a deficiente cobertura telemática do noso medio rural, con amplas áreas nas que é imposible conectarse a Internet para facer calquera tipo de xestión como as devanditas.

Aínda que dende o Sindicato Labrego Galego denunciamos todas estas deficiencias e pedimos á Consellaría de Medio Rural que se ampliase o prazo de alegación un mes, a data límite estipulada non se modificou, polo que tememos que moitos labregos e labregas quedasen sen a oportunidade de presentar alegacións.

VIÑO ▸ Propuxémolo na xuntanza de traballo co Ministerio de Agricultura celebrada en Madrid o 12 de decembro

COAG e SLG pedimos prioridade para moz@s no reparto de dereitos

Cos criterios actuais, hai solicitantes que reciben máis hectáreas que a superficie media das explotacións en activo

COAG e SLG reclamamos, o 12 de decembro, uns criterios máis xustos nas autorizacións para plantar viñedo. Fixémolo en Madrid, na xuntanza do grupo de traballo sectorial no Ministerio de Agricultura. Alí, volvemos defender a necesidade de mudar os criterios de adxudicación de viñedos nos repartos vindeiros, xa que nos actuais estanse a primar persoas alleas ao sector agrario, o cal supón unha discriminación para a mocidade labrega e os/as profesionais da viticultura.

As nosas críticas cara ao actual rexime de concesión de autorizacións de plantación de viñedo foron as seguintes:

- Cos criterios actuais, nalgunhas comunidades autónomas hai solicitantes que recibiron máis hectáreas cás dunha explotación media, o que supón comezar gratis a actividade superando a media de superficie que posúen os viticultores e as viticultoras profesionais. Ademais, esas mesmas solicitantes, se non plantan até 2019, poderán seguir pedindo máis plantacións nos dous vindeiros anos.
- Moitas das persoas beneficiadas nin son nin serán nunca viticultoras, xa que os criterios para ser considerad@ "Xefa/e de explotación" permiten case a calquera poder solicitar plantacións. Así, moitas solicitudes foron feitas por mozos e mozas que non teñen relación coa viticultura, utilizados como testaferros coa intención de pasar, ao cabo duns anos, as viñas aos seus verdadeiros cultivadores.
- Ficaron sen plantacións os mozos e as mozas viticultores/as que se deron de alta nos últimos anos, co agravante de que se para estas adxudicacións é requisito indispensable non contar con viñedo ao seu nome, para poder acceder á axuda de primeira instalación moitos tiveron que mercar dereitos.
- Por outra banda, e ao non existir limitación na cantidade de superficie concedida, beneficiáronse máis quen maior superficie solicitaron.
- Tamén quedaron fóra do reparto as pequenas explotacións vitícolas que precisan aumentar viñedo para a súa propia supervivencia.



Unhas 300 persoas secundaron a manifestación convocada por EHNE e COAG en Logroño, o 27 de decembro, para esixir un reparto xusto dos dereitos de viñedo

As persoas solicitantes deben demostrar competencia profesional

Contra esta inxusta situación, dende COAG e SLG propuxemos os seguintes criterios de adxudicación:

- En primeiro lugar, todos e todas @s solicitantes deberían demostrar a capacidade e competencia profesionais como agricultores, para o que debería definirse máis claramente a figura de "Xefa/e de explotación" para mozos e mozas sen viñedo.
- A prioridade nas adxudicación debería ser para os mozos e as mozas, nov@s e pequen@s viticultores/as. De seguido, para pequen@s viticultores/as profesionais que sexan explotación prioritaria e teñan menos viñedo que a media. E, ao final, se sobran plantacións, para o resto de solicitantes.
- En calquera caso, debería limitarse a concesión a un máximo de hectáreas por solicitante na totalidade das adxudicacións.

LEITE ▸ Impartiuno o experto José Luís Martín na parroquia de San Silvestre e asistiron un total de corenta persoas

Curso de elaboración de queixos en Compostela

O SLG desenvolveu, do 28 de novembro ao 2 de decembro, un curso sobre "Transformación de derivados lácteos" en Compostela que foi seguido por corenta persoas. As clases correron a cargo de José Luís Martín, experto en queixos de recoñecido prestixio que xa ten dado cursos a través da nosa organización (páxs. 14 e 15 do Fouce 291). As clases impartíronse no centro social A Gracia, na parroquia de San Silvestre, nun local cedido polo Concello de Santiago.

O curso estivo centrado, principalmente, na elaboración de queixos de todo tipo, pero tamén se estudaron outros lácteos como iogures e requeixo.

Este tipo de formación pode ser moi importante para granxas de leite que buscan unha alternativa á simple produción de materia prima para a industria. A transformación do leite en derivados con alto valor engadido é unha das saídas posibles para estas explotacións que aspiran a ser donas do seu traballo.


Un local cedido polo Concello de Santiago acolleu o curso organizado polo SLG

LEITE ▸ O Sindicato Labrego Galego da Terra Chá organizou, o 10 e 13 de xaneiro, dúas xornadas sobre "*Pastoreo no sector lácteo*" en Meira e Vilalba. A intención destes foros foi a de promover un modelo produtivo no sector lácteo máis acorde ás potencialidades da Galiza, baseado nunha alimentación do gando con pastos e forraxes que incide nunha calidade superior do produto final, na redución dos custes de produción, nunha maior fortaleza diante da volatilidade nos prezos dos insumos e nun aumento da rendibilidade final.

O futuro do sector lácteo galego será con pastoreo ou non será

Así o demostraron estes dous días a testemuña de especialistas como Eloi Villada, da Sociedade Galega de Pastos e Forraxes; ou experiencias como a da SAT Margá (Guitiriz), Gandería Patalarga (A Pastoriza) ou Casa Codesal (Friol).

Foi a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, a encargada de encetar as xornadas cunha exposicíón sobre a conxuntura do sector lácteo a nivel global na actualidade cunha realidade por todos e todas coñecida: a volatilidade dos custes de produción e dos prezos do leite crea unha grande inseguridade nas nosas granxas e, cando os primeiros superan aos segundos, fan que a profesión gandeira sexa ruinosa, provocando perdas millonarias nas economías familiares que viven do leite.



Case un cento de persoas, entre Meira e Vilalba (na imaxe) asistiron ás xornadas sobre pastoreo no sector lácteo do SLG

Tal como están as cousas hoxe en día, os prezos do leite veñen impostos pola industria, polo que no único que os gandeiros e gandeiras poden exercer algo de control para mellorar as súas rendas é nos gastos. A media destes gastos por granxa, segundo varios estudos, sitúanse nun abano entre 27 e 35 céntimos por litro. E un factor clave neste capítulo é o da alimentación do gando que, de media na Galiza, supón o 60% dos custes de produción no sector lácteo e pode variar entre 5 e 7 € por vaca en produción e día.

Un modelo de referencia: Irlanda

Tanto Isabel Vilalba como Eloi Villada coincidiron en sinalar como modelo de referencia no sector lácteo o de Irlanda, totalmente baseado no pastoreo. No sector lácteo irlandés os custes de produción están en 21 céntimos por litro de leite, co 60-70% da superficie agraria útil (SAU) das granxas ao redor da propia explotación. Mentres que na Galiza os técnicos aconsellan alimentar ao gando a base de silo e concentrados, en Irlanda a pauta a seguir é basear a alimentación na herba verde e non superar os 100 días de alimentación con silo ao ano.

Non hai dúbida de que os modelos de pastoreo son altamente eficientes á hora de reducir os custes de produción dunha granxa, pero sería necesario adaptalos a cada caso. O certo é que a estrutura territorial de Irlanda é diametralmente oposta á de Galiza: mentres que no país gaélico o rural estrutúrase en base á actividade gandeira e as granxas dispoñen de suficiente base territorial e boas infraestruturas públicas para facer pastoreo; na Galiza hai un caos total, con forestacións ilegais de terras agrarias que usurparon o 10% da superficie agraria e dificultade de acceso a máis terras por parte das nosas granxas.

Un dato que reflicte a nosa situación é que, só en 2014, Galiza importou 190 millóns de euros en forraxes. En canto ao consumo de concentrados, Galiza é unha das zonas de Europa onde máis se consumen. Fronte aos 568 quilos por vaca e ano de Irlanda, a nosa terra ten unha media de 3.940 quilos. Isto fai que a gandería galega sexa moi dependente da importación de concentrados, cereais e proteaxinosas e que, polo tanto, sexa altamente vulnerable diante da volatilidade de prezos destes insumos no mercado mundial.

Eloi Villada defendeu que a herba verde, sempre que se teña abondo, é suficiente para alimentar o gando. Ademais, é o cultivo máis barato e eficiente que temos na Galiza. O problema é que, para que o sector lácteo galego puidese facer unha transición con garantías a un sistema baseado no pastoreo sería preciso recuperar unhas 220.000 hectáreas de terras para pastos.



ÓSCAR MORADO ▸
SAT Margá

A SAT Margá é un caso exemplar de transición dun modelo moi intensivo -chegaron a ter 250 reses con 3 muxidos ao día- a outro de pastoreo.

Hai uns catro anos, ao comprobar que cada vez tiñan que gastar e traballar máis para gañar menos, decidiron virar cara a un modelo de pastoreo para reducir custes e rendibilizar máis a produción. Cambiaron Holstein por Jersey e pasaron de 250 reses ás 185 actuais, cunhas previsións de quedar con 170. O 80% das vacas son cruzadas con Limousin e Belga para obter maiores ingresos pola venda de becerros e porque a taxa de reposición tamén baixou considerablemente.

Agora só moxen dúas veces ao día, con horarios máis flexibles. Pastorean día e noite cando o clima o permite; e cando non, complementan nas cortes con silo. O consumo de concentrado é de 150 gramos por litro de leite producido, cando en intensivo gastaban 500 gramos. A produción reduciuse de 1'3 millóns de litros a 750.000 e a media por vaca baixou dos 11.000 aos 7.200 litros. Como compensación, agora traballan menos e a súa calidade de vida mellorou.

Ademais, os animais melloraron moito dende o punto de vista sanitario. "*Reducimos os gastos veterinarios ao redor dun 90%*". Respecto da calidade do leite, do 3'60 de graxa e 3'30 de proteína, pasaron co pastoreo a un 4'25 de graxa e a 3'40 de proteína. Antes, tratando aos animais, as células somáticas estaban en 250; agora, sen tratamentos, están en 160.

O cómputo final na SAT Margá é que pasaron duns custes de produción de 27 céntimos por litro en intensivo; a 18-20 céntimos co pastoreo, sen contar man de obra. Óscar resúmeo así: "*Antes producir 10 euros custábanos 9; hoxe, en pastoreo, producir 6 euros cústanos 2 e con moita máis calidade de vida*".

Daniel e Ángeles rexentan Gandería Patalarga, en Miñotelo (A Pastoriza). A súa foi unha loita contracorrente do sector lácteo galego, tal e como nos relatou o seu fillo Marcos. Cando o meirande das granxas evolucionaron cara a un modelo intensivo, investindo en cota, en Patalarga apostaron por mercar terras para alimentar o gando. Así, fixéronse con 47'5 hectáreas e só adquiriron 40.000 quilos de cota, obtendo o resto por cesións públicas. Ao principio traballaban nun réxime intensivo, até que foron sancionados dous anos con multas de 5.000 e 7.000 € por excederse da cota.

Tralas multas, decidiron levantar o pé do acelerador e pastorear. Así, pasaron de 9 quilos de concentrado por vaca e día a 5 quilos. "*A sorpresa foi que as vacas producían case a mesma cantidade de leite*". Tamén baixaron os gastos veterinarios e mellorou a fertilidade e lonxevidade das vacas.

En canto á produción, as vacas dánlles ao redor de 440.000 litros de leite, cunha media de 7.295 litros por vaca e ano. Hoxe teñen unha cabana de 62 vacas adultas, con 55 para muxir e 15 xovencas para reposición. Cruzan con Normanda, obtendo polos becerros entre 300-350 €.

En canto a forraxes, hai seis anos que deixaron de plantar millo. As vacas pastorean en fincas nun radio de 1 quilómetro da granxa e de noite dáselles herba verde nas cortes. Nos veráns secos e no inverno inclúese un suplemento de silo.

Con esta base, as contas dan: Teñen un prezo no leite de 30'55 céntimos, ao que hai que engadir 3'93 céntimos por litro pola venda de becerros e 3'58 céntimos da PAC, o cal dá uns ingresos de 37'06 céntimos por litro. En canto aos gastos, teñen uns custes de 25'68 céntimos por litro, incluíndo a man de obra, polo que as marxes son moi positivas.



MARCOS VEIGA ▸
Gandería Patalarga



ÁNGEL RIVAS ▸
Casa Codesal

A de Ángel Rivas é unha granxa ecolóxica en Vilapedre (parroquia da Devesa, Friol). En 2002, Casa Codesal era unha granxa leiteira como outras moitas de Galiza, con 2 UTAs e 252.300 quilos de cota. Daquela, sacábanlle ao leite unha marxe neta de 18 céntimos por litro pero, diante das previsións de baixada no prezo e do aumento dos custes, decidiron dar o paso a producir en ecolóxico.

Na alimentación do gando, pasaron dos 460 gramos de concentrado por litro de leite que consumía cada vaca en 2002 (3.250 quilos por ano) a 210 gramos en 2016 (1.338 quilos). En canto aos pastos, tiveron que facer importantes cambios, como favorecer a implantación de trevo como fonte de nitróxeno natural e aumentar o PH do solo coa aplicación de caliza magnesiana.

En cuestións sanitarias, co pastoreo diminuíron os problemas de patas, mamites e células. Por decisión propia, non vacinan nin desparasitan o gando agás excepcións. Non hai tratamentos cirúrxicos de partos ou panza e o 90% das veces as vacas paren soas nos prados.

A produción ecolóxica de leite ten as súas particularidades, que Ángel resumiu nunha serie de fortalezas -prezo do leite máis alto, axudas agroambientais e de pago verde, maior satisfacción persoal e maior necesidade de aprendizaxe- e tamén de debilidades -menor produción por vaca, concentrados máis caros e suba doutros custes fixos como o gasóleo ou as amortizacións-. A marxe neta final varía de ano a ano, e no 2016 estivo ao redor de 23 céntimos por litro.

"*Ao final, facemos algo que nos gusta; disfrutamos coas vacas, que foi o que nos ensinaron; cremos que facemos un produto de calidade; e coidamos o medio ambiente na medida das nosas posibilidades*".

Galiza
Inverno 2017
Nº 314





Dúas caras do traballo en formación do SLG: á esquerda, xuntanza co presidente da Deputación de Lugo; á dereita, curso de fitosanitarios en San Cosme de Nete (Vilalba)

FORMACIÓN ▸ Os recortes da Xunta e de Medio Rural deixan o agro sen actividades formativas necesarias para o desenvolvemento da profesión e incitan á privatización

Campaña do SLG nas institucións na busca de fondos para formación agraria

Grazas aos contactos mantidos puidemos desenvolver numerosos cursos e xornadas nos últimos meses

A secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, e o coordinador dos sectores gandeiros da organización agraria, Xabier Gómez Santiso, mantiveron, o 21 de novembro, unha xuntanza de traballo co presidente da Deputación de Lugo, Darío Campos, para abordar a problemática do baleiro deixado pola Xunta de Galicia na formación profesional de labregos e labregas por mor dos recortes.

O encontro habería que enmarcalo nunha rolda de contactos, iniciada a finais do ano pasado, na que se mantiveron xuntanzas con outras institucións como concellos, a Deputación da Coruña, etcétera, de cara a conseguir apoios para o desenvolvemento de actividades formativas indispensables para o exercicio das profesións agrarias.

A través desta campaña, o Sindicato Labrego Galego, co apoio das entidades públicas coas que se asinaron convenios de colaboración, tenta contribuír a encher o baleiro deixado pola administración no eido das actividades formativas profesionais no agro por mor dos recortes, o que supón, unha vez máis, unha privatización de servizos.

Hoxe en día, a formación que antes era gratuíta ou subvencionada, agora debe ser custeada integramente polas persoas interesadas. Esta problemática agudízase no rural, xa que o dispendio económico agrávase pola obriga do alumnado a desprazarse longas distancias, cando non pola imposibilidade de asistir presencialmente aos cursos.

Un bo exemplo disto que foi amplamente tratado no encontro entre Isabel Vilalba e Darío Campos son os cursos de incorporación de xente moza á actividade agraria. Trátase dunha formación obrigatoria con grande demanda na provincia de Lugo que permite acceder ás axudas de primeira instalación de agricultoras e agricultores mozos, indispensables se queremos garantir o relevo xeracional nas granxas. Evidentemente, este tipo de formación é moi completa e custosa e non é posible sen un apoio económico que permita impartir os cursos de maneira gratuíta ou a prezos populares.

Fomento da agroecoloxía e dun modelo alternativo ao industrial

Para o Sindicato Labrego Galego, a formación non só é necesaria para que os e as profesionais do agro teñan as aptitudes suficientes para levar a cabo competentemente a súa profesión. Ademais, a nosa proposta formativa supón unha alternativa ao actual modelo agrogandeiro e forestal dominante, que se basea en criterios produtivistas cuxo obxectivo é proporcionar materia prima barata ás industrias alimentarias e forestais e que é extremadamente vulnerable a crises de prezos como a que padecemos na actualidade.

Pola contra, dende o SLG apostamos por uns contidos formativos baseados en criterios como a sustentabilidade, a extensificación das producións, a vinculación e conservación do territorio onde se desenvolva a profesión agrogandeira ou forestal, e o aproveitamento dos recursos locais. É dicir, formamos labregos e labregas dende o punto de vista da agroecoloxía, ofrecendo unha formación alternativa ao discurso máis común nas zonas agrogandeiras do país.

E boa expresión de todo isto é a oferta formativa que estamos a ofrecer dende o SLG: agricultura e gandería ecolóxica, produción de forraxes, fertilización de cultivos, prevención de riscos, recollida de cogomelos, elaboración de fitosanitarios naturais, recolección e conservación de sementes, conservas vexetais, horta familiar ecolóxica, informática aplicada e explotación ecolóxica.



Textos do CONGRESO de VACÚN DE CARNE do SINDICATO LABREGO GALEGO COMISIÓNS LABREGAS

REGULAMENTO DO CONGRESO DE VACÚN DE CARNE DO SLG-CCLL

Artigo 1º.- O presente regulamento establece as normas de funcionamento do Congreso Sectorial de Vacún de Carne do Sindicato Labrego Galego, que se celebrará o 11 de febreiro de 2017 en Guitiriz ás 11:00h da mañá.

Artigo 2º.- Poderán participar no período precongresual e asistir ao congreso, con voz e voto, tódos os afiliados e afiliadas do SLG pertencentes ao sector que teñan as súas cotizacións ao día.

Artigo 3º.- A Executiva Nacional dará a súa aprobación ou modificará, segundo os casos, o borrador do relatorio.

Artigo 4º.- DEBATE NA AFILIACIÓN.

1.- Unha vez aprobado o proxectos de relatorios, estes serán remitidos ás comarcas antes do 15 de xaneiro para a súa distribución entre toda a afiliación.

2.- A Executiva Nacional aprobou o calendario para a celebración das Asembleas Comarcais do Sector para debater os relatorios e nomear os/as representantes que correspondan para a Dirección Nacional do Sector. O calendario é o seguinte.

- Do 15 ao 24 de xaneiro de 2017, comunicación á Executiva Nacional das Asembleas Comarcais de Sector
- Do 25 de xaneiro ao 9 de febreiro de 2017, celebraranse as Asembleas Comarcais de Sector.
- O 11 de febreiro de 2017 celebrarase en Guitiriz o Congreso Sectorial de vacún de carne do SLG.

3.- O criterio de asignación de representantes por cada comarca para a Dirección Nacional de Vacdun de Carne será o seguinte: As comarcas constituídas poderán elexir ata catro persoas para a Dirección Sectorial, sendo esta elección paritaria en canto ao número de homes e mulleres, quedando vacantes os postos que non se cubran segundo este criterio. Estes postos poderán ser cubertos logo da celebración do Congreso Sectorial de vacún de carne.

Artigo 5º.- ASEMBLEAS COMARCAIS.

1.- As Asembleas comarcais celebraranse entre o 25 de xaneiro e o 9 de febreiro de 2017, segundo o calendario fixado pola Executiva Nacional na súa reunión do 12 de xaneiro de 2017. Poderán asistir, con voz e con voto, tódolos afiliados e afiliadas do SLG pertencentes ao sector que teñan as cotas ao día.

2.- Tódolos afiliados e afiliadas poderán presentar emendas aos relatorios que se debatan. As emendas serán presentadas por escrito. Pasarán para o seu debate no Congreso Nacional do Sector, aquelas que acaden, alomenos, o 30% dos votos dos/das presentes.

3.- As emendas que pasen para o debate no Congreso de Sector, teñen que ser pasadas por escrito antes do día 10 de febreiro á Executiva Nacional, e debe figurar o/a afiliado/a que vai defender cada emenda.

4.- Rematado o debate dos relatorios procederase á elección dos/as representantes da comarca para a Dirección Nacional de sector segundo o anexo que se achega. Serán elixidos ou elixidas polo procedemento de listas abertas, resultando elixidas as persoas que teñan maior número de votos.

Artigo 6º.- O PLENO DO CONGRESO NACIONAL DO SECTOR DE VACÚN DE CARNE.

1.- O pleno do Congreso Nacional de vacún de carne celebrarase o día 11 de febreiro de 2017 en Guitiriz ás 11:00 h da mañá.

2.- O Pleno estará presidido por unha Mesa que será proposta pola Dirección de Sector saínte e aprobada polo Congreso de Sector. A Mesa estará formada por un Presidente ou unha Presidenta, que dirixirá os debates; un Vicepresidente ou unha Vicepresidenta; un Secretario ou unha Secretaria, que levantará acta da reunión; e dous ou dúas vocais. A Mesa Presidencial, por maioría, resolverá as controversias que puideran darse na interpretación do presente regulamento.

3.- Unha vez elixida a Mesa Presidencial do Congreso someterase a aprobación, a orde do día da sesión e o regulamento, dándose inicio aos traballos

4.- Tódalas persoas que defendan emendas terán unha quenda a favor de tres minutos para defender a súa emenda no Pleno. A continuación, intervirá a persoa designada pola Dirección de Sector para defender o relatorio oficial, podendo concederse unha nova quenda de réplica para fixar posicións. A Mesa do Congreso ten competencia para acurtar os tempos de intervención coa fin de axustarse ao horario establecido na orde do día.

5.- A emendas "in voce" só poderán ser aceptadas cando sexan proposta de síntese e así o decida a Mesa Presidencial por maioría.

6.- Unha vez rematado o debate de cada emenda procederase á súa votación, que para ser aprobada requirirá maioría simple.

7.- Cando remate o debate de tódalas emendas procederase á votación final conxunta sobre a totalidade do relatorio. Para ser aprobado, requirirá maioría cualificada.

8.- Ao rematar o proceso, a Dirección de sector electa procederá á elección, de entre os/as seus/súas membros, de dúas persoas (unha muller e un home) que representaran ao sector na a Dirección Nacional do Sindicato Labrego Galego que á súa vez exercerán de Responsábel e Viceresponsábel do Sector de vacún de carne do SLG.

Anexo informativo para a elección dos/as membros da dirección de sector.

Ferrolterra.
Betanzos – Arzúa.
Ordes.
Compostela.
A Mariña.
Vilalba.
Meira.
Lugo centro.
Ancares - Courel.
A Fonsagrada.
Chantada – Monforte.
Deza – Tabeirós.
Pontevedra Centro.
Pontevedra Sul.
Trives.
Castro Caldelas.
Viana – A Gudiña.
Resto Ourense.



RELATORIO DO CONGRESO SECTORIAL DE VACÚN DE CARNE DO SLG-CCLL

O sector de vacún de carne é o sector gandeiro con máis historia e máis arraigo na gandería tradicional de Galiza. Tamén é o que conta con maior número de granxas e o que vertebra economicamente as zonas do país máis castigadas pola economía capitalista.

Asemade, dáse a circunstancia de que estas granxas son as que están deseñadas e dimensionadas máis en sintonía coa nosa realidade económica e medioambiental: son máis sostibles, teñen unha dimensión máis humana e son moi axeitadas para o modelo agrario que o Sindicato Labrego Galego defende. O vacún de carne é, polo tanto, un sector totalmente estratéxico para esta organización agraria, e con ese fin deberemos deseñar o noso traballo a medio prazo.

Tamén hai que dicir que, ademais, as granxas de vacún de carne son as máis diversificadas, xa que un número importante delas compatibilizan esta actividade con outras, que moitas veces non son necesariamente agrícolas, pero que axudan a que moitas familias sigan vivindo do seu e no seu entorno facendo posible que moitas zonas rurais sigan aínda habitadas, con vida e con futuro. Por outra banda, este sector ten un grave problema de futuro na avanzada idade media das persoas titulares das granxas que, de non ter relevo xeracional, quedarán moi reducidas nun curto prazo de tempo. Este problema agrávase porque o relevo xeracional faise moi complicado debido, fundamentalmente, ás dificultades e carencias ás que deben facer fronte as persoas que viven hoxe en día nalgunhas zonas rurais.

1. SITUACIÓN

Ao igual que outros, o sector da carne de vacún tamén está nunha fase de retroceso. Nos últimos tempos foron a menos o número de explotacións, a pesares de recibir incorporacións dalgunha granxa proveniente doutras actividades gandeiras, fundamentalmente do vacún de leite, que mudaron de actividade polas duras condicións que tamén atravesan no sector lácteo. A pesares disto, o número de granxas neste sector foi indo a menos.

Estas granxas seguen a ser, na súa maior parte, de vacas nutrices, familiares, e dimensionadas en consonancia coa capacidade da explotación en canto á base territorial e á man de obra dispoñibles. É dicir, son granxas moi equilibradas e sostibles.

En canto á problemática interna deste sector, tampouco varía moito respecto da situación global da gandería. Os problemas que enfrontan tamén son os baixos prezos; a suba constante dos insumos, que moitas veces fai esta actividade ruinosa; e a política agraria, que castiga cada vez máis as pequenas explotacións, fundamentalmente cos seus deseños de axudas, que non paran de minguar, reducindo na mesma proporción a capacidade de subsistencia das granxas.

2. OS MERCADOS

É un tópico neste sector afirmar que os prezos dos becerros son os mesmos que hai vinte anos. O certo é que os prezos da carne de vacún, comparados cos do custe da vida, non pararon de baixar nese tempo. Pódese dicir que os prezos seguen na mesma liña debido ás políticas de mercado seguidas pola Unión Europea (UE) nos últimos lustros. Nese camiño, non cabe agardar nada bo: a tendencia liberal do sistema vai a máis, e vemos como a UE

avanza nesa dirección, negociando novos tratados de libre comercio, que o único que van representar para este sector é a entrada de carne doutros países a uns prezos aos que aquí é imposible producir sen perder moito diñeiro.

Sen ir máis lonxe, neste mes de febreiro o Parlamento Europeo votará o Acordo Integral de Economía e Comercio entre a UE e Canadá, coñecido como CETA. Aínda en fase de negociación se atopa outro acordo semellante cos Estados Unidos: o Acordo Transatlántico de Comercio e Investimentos (TTIP). A aprobación de calquera deles sería nefasta para o sector da carne de vacún. Por desgraza, é de prever que non sexan os únicos nin os últimos. A medida que pasa o tempo comprobaremos como este tipo de tratados se suceden. Dende o Sindicato Labrego Galego opoñerémonos con todos os nosos medios a estes tratados de libre comercio, pero algunhas veces conseguirán os seus obxectivos e sairán cara a adiante. Diante disto, debemos prever que o sector de vacún de carne, precisamente, será un dos máis prexudicados.

Para este sector é estratéxico que os prezos non se reduzan, e conseguilo será complicado porque, ademais das razóns devanditas, a carne de vacún é un alimento caro e as familias cada vez teñen menos diñeiro, co cal o consumo tende a baixar. Nesta conxuntura, importar carne barata doutros países pode significar a ruína do sector.

Tamén sabemos que a supervivencia das granxas non depende só da comercialización da produción, como sería desexable. A venda da carne dá, a duras penas, para pagar os custes de produción. Así, os salarios das persoas traballadoras das explotacións teñen que vir das axudas, e estas tamén se van reducindo progresivamente, colaborando así en estrangular máis as doídas economías das granxas e no decrecemento das rendas, que vén sendo denominador común dos últimos anos.

3. AXUDAS

Co desmantelamento de prezos nos mercados que ten provocado a economía neoliberal e de libre comercio, as axudas convértense nunha parte fundamental da economía das granxas. Son tres as axudas que inflúen moi directamente na economía anual de todas as explotacións: os pagos directos da Política Agraria Común (PAC), as agroambientais, e as destinadas a zonas con limitacións naturais.

3.1 Pagos Directos

A reforma da PAC significou unha redución destes pagos para todas as explotacións.

A condición de ser agricultor activo para poder percibir este diñeiro resultou ser unha fraude e, ao final, os perceptores de axudas son os mesmos que no anterior sistema. Pero iso si, todas as granxas familiares perderon diñeiro nos pagos directos, polo que debemos concluír que se reduciron estas axudas, co cal hai menos diñeiro para a renda familiar.

3.2 Agroambientais

Cando menos en Galiza, estas axudas tamén se viron reducidas cunha serie de limitacións que impide que moitas granxas poidan acollerse a elas; e outras que, aínda podendo acollerse, non lles compensa economicamente porque a contía reducida da subvención non compensa os custes do aconsellamento. Neste eido tamén perderon diñeiro as explotacións de vacún de carne.

3.3 Axudas a zonas con limitacións naturais

Estas axudas foron totalmente reformadas, co cal unhas granxas cobrarán máis e outras perderán a axuda, dependendo de se teñen máis ou menos puntos no sistema que puxo en marcha a Consellaría de Medio Rural (CMR). As que queden fora, aínda que estean en zonas con limitacións, non cobrarán; e as que cobren, cobrarán máis. Estes cambios poñen en perigo o futuro de moitas granxas, dando a impresión que á Xunta aínda lle sobran explotacións das poucas que quedan.

3.4 Outras axudas

Outras axudas como as de razas autóctonas, quedaron xa borradas en anos pasados. En resume, as granxas de vacún de carne van percibindo cada vez menos axudas e, en consecuencia, cada vez vén máis reducidas as súas rendas.

4. O NOSO TRABALLO NESTES CAMPOS

No Sindicato Labrego Galego seguiremos defendendo que o prezo das nosas producións ten que ser o elemento fundamental a partir do cal se nutra a renda das explotacións. Polo tanto, seguirémonos opoñendo a todas as imposicións do mercado que signifiquen unha perda de renda, sexan tratados de libre comercio, sexan importacións de carne barata doutros países porque proveñen da explotación laboral de seres humanos, etcétera. Polo tanto, seguiremos defendendo uns prezos que cubran custes e remuneren dignamente o traballo gandeiro. Sabemos que non se poden mellorar as rendas a conta de subir o prezo final a consumidores e consumidoras, pero parécenos posible traballar en anovadoras formas de comercialización que permitan que a rendibilidade quede no sector.

Por outra banda, e no camiño de abaratar custes, é imprescindible que as granxas poidan ter acceso a base territorial suficiente. Iso significa mudar a política de forestación de terras agrarias que está enchendo de eucaliptos fincas que tiñan que estar ao dispor das explotacións gandeiras, e recuperar ferramentas de mobilidade de terras que foron desmanteladas, coma o Banco de Terras. Non podemos permitir que a terra que tiña que estar en produción agraria pase a ser a base territorial de ENCE.

Tampouco non é tema menor, aínda que si moi manido, o do roubo nas pesadas na maioría dos matadoiros. Tras moitos anos de denuncias, entrevistas e xestións, non demos conseguido que as balanzas dos matadoiros sexan revisadas, homologadas e precintadas, o que supón moitas veces perdas considerables na venda dos becerros. Polo tanto, seguiremos demandando:

- Mantemento de prezos a través da busca de sistemas de comercialización con valores diferenciados para as explotacións tradicionais.
- Redución de custes centrado no aumento e mellora da xestión da base territorial.
- Seguir loitando pola mellora da transparencia dos mercados.

A pesar do dito, consideramos que é fundamental manter o nivel de axudas, xa que estas viñeron para compensar as perdas que ocasionaba o funcionamento dos mercados e, polo tanto, perténcennos. Polo tanto, seguiremos defendendo que veñan axudas para explotacións que estean activas e en produción, e non para financiar terratenentes e industrias.

Tamén nos parece inadmisible a política da CMR no tocante a eliminación de superficies con dereito a primas, tanto pola vía do Coeficiente de Admisión de Pastos (CAP), como pola vía de redu-

ción dos pastos arbustivos e arborados, deixando fóra das axudas boa parte da base territorial das explotacións. Polo tanto, parécenos irrenunciable:

- •Que non haxa máis reducións de axudas para explotacións agrarias, sobre todo para as de menor nivel de renda.
- •Mantemento do 100 % dos pastos arbustivos como superficie con dereito a prima, independentemente da dimensión das parcelas.
- •Manter as axudas de zonas con limitacións naturais para todas as explotacións.
- •Axudas agroambientáis ao alcance de todas as explotacións para incentivar prácticas respectuosas co medio ambiente, e non para alimentar a burocracia.

5. A IXP TENREIRA GALEGA E A PRODUCIÓN ECOLÓXICA

Parécenos importante, dado que as producións das nosas granxas é de alta calidade, defender estas marcas que permitan diferenciar os nosos produtos da produción industrial nos mercados, e que nos permitan cobrar por eles prezos superiores á produción convencional.

A Indicación Xeográfica Protexida (IXP)Tenreira Galega significou e significa unha importante vía de comercialización para a nosa carne e serve para manter uns prezos por enriba da media, aínda que moitas veces non o pareza (os prezos da carne de vacún en Galiza son considerablemente superiores ao resto do Estado, por exemplo). Iso si, non cubriu as nosas expectativas no que se refire a conseguir unha clara diferenciación entre a carne de cebo tradicional e a obtida do cebo industrial, polo que se está a beneficiar toda a carne galega dunha calidade que só ten a Tenreira Galega Suprema. Teremos que seguir incidindo co noso traballo para que esa diferenciación sexa posible. Así e todo, valoramos o papel da IXP Tenreira Galega como beneficioso para as granxas e, polo tanto, seguirémolo facendo.

Neste novo período tamén temos que empezar a reflexionar en xeitos de comercialización para a carne ecolóxica que, en Galiza, non existen máis alá dunha cooperativa en Ourense. Nestes momentos, o número de granxas que van producir carne ecolóxica veuse incrementado, xa que moitas adoptaron este xeito de producir debido á redución das axudas agroambientais para as explotacións convencionais; pero, unha vez que as granxas asumiron este xeito de produción, faise necesario abrir canles para esta comercialización de calidade, xa que no caso contrario estarán vendendo carne de cría ecolóxica a prezo de convencional, coa conseguinte perda económica.

A modo de resume: estas marcas de calidade diferenciadoras parécennos unha ferramenta importante para mellorar a comercialización, diferenciar no mercado as producións das nosas granxas e manter mellores prezos, polo que seguiremos traballando no seu desenvolvemento a pesares do pouco prestixio que poden ter no sector.

4. OUTROS ASPECTOS IMPORTANTES

Pero non só son importantes as circunstancias das explotacións para garantir o seu futuro, senón que hai outros elementos non directamente relacionados co eido agrario que son fundamentais para que as persoas sigan vivindo no medio rural e mantendo a súa actividade profesional. Agora mesmo, hai dúas cuestións que lles están creando serios problemas:

4.1 Fauna salvaxe

A proliferación de especies de fauna salvaxe, principalmente o xabaril e o lobo, está resultando un serio problema, tanto para a actividade agraria en si como para a vida das persoas. Para mudar esta circunstancia será imprescindible o control destas especies salvaxes, xa que actualmente proliferan dunha maneira totalmente descontrolada e as súas poboacións son totalmente inasumibles agás que se pretenda converter o medio rural nun coto de caza.

4.2 Servizos públicos

É posible que os servizos públicos resulten máis custosos no rural, ao vivir menos xente e facelo de maneira máis dispersa, pero será imprescindible manter un nivel aceptable de servizos públicos se non queremos acentuar o despoboamento. Esa carencia de servizos concrétase en:

- **a) Escolas, garderías, bibliotecas ou actividades para xente nova** están cada vez máis lonxe dos núcleos de poboación rural. É certo que hai menos rapazada, pero é porque as familias novas cada vez escapan máis do rural precisamente por este déficit de servizos.
- **b) Sanidade:** Os centros de saúde están cada vez máis lonxe, sobre todo para moitas persoas que non dispoñan de vehículos e que fican totalmente incomunicadas, obrigadas a uns gastos que moitas persoas non poden afrontar
- **c) Coidado de persoas maiores:** Cada vez hai menos persoas nas casas e, en moitos casos, as persoas maiores están desatendidas por falta de capacidade das familias. que tampouco dispoñen de servizos alternativos para este fin.

Ademais, hai outros servizos que no rural son moi deficitarios e que hoxe son imprescindibles. Por exemplo, a mala cobertura telefónica en moitas zonas e, sobre todo, a moi deficiente cobertura de Internet, xusto cando desde a Administración Pública se está a facer cada vez máis imprescindible este servizo (altas e baixas de animais, seguimento de expedientes, notificacións, etcétera). Dende o Sindicato Labrego Galego, defenderemos e reivindicaremos solucións tamén para todos estes aspectos sociais que non teñen que ver directamente coa produción agraria, pero si coa vida das persoas e son, polo tanto, de gran importancia para garantir o futuro do noso medio rural e das nosas producións agrogandeiras.

sindicato
labrego galego
comisións labregas



VIÑO ▸ Desestimou o recurso presentado por Erimsa diante do silenzo administrativo da Xunta na concesión Alicia 5917

O Tribunal Superior de Xustiza ditamina contra as minas da Terra Chá

Os colectivos da Comisión contra as Minas esiximos que a Consellaría de Industria declare caducadas as concesións

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ditou unha nova sentenza contra Erimsa. Nesta ocasión, a empresa mineira norueguesa perdeu un contencioso contra a Consellaría de Medio Ambiente, a cal desestimara, por silenzo administrativo, a licenza para explotar o cuarzo da concesión Alicia 5917, que abrangue 3.399.887 metros cadrados no concello de Cospeito.

Tras esta nova sentenza, a Comisión contra as Minas da Terra Chá esixiu á Xunta de Galicia que declare, definitivamente, a caducidade das concesións mineiras a Erimsa. Trátase dunha demanda que se vén facendo de maneira reiterada por parte de varios colectivos chairegos, entre eles o Sindicato Labrego Galego, e que mesmo ten chegado ao Parlamento de Galicia.

Respecto disto último, o director xeral de Industria, Bernardo Tahoces, contestou na Comisión de Industria do Parlamento que non se podían declarar tales caducidades porque as licencias estaban recorridas diante da Xustiza. Tomando a palabra de Tahoces, dende a Comisión contra as Minas da Terra Chá, e diante desta sentenza firme, esixiron que, agora si, a Xunta cumpra a lei e declare as caducidades das concesións.

Pola nosa banda, dende o SLG pedimos unha xuntanza co persoal responsábel da Dirección Xeral de Enerxía e Minas para aclarar os motivos polos que a Xunta non declara as caducidades destas concesións mineiras sen que a nosa petición fose atendida.



A concesión mineira colle as 852 hectáreas da parcelaria de Goá

Dende o Sindicato Labrego Galego vivimos este silenzo administrativo con fonda preocupación, xa que está en xogo o futuro dunha extensa área de grande valor agropecuario da que depende a economía de centos de familias labregas.

Unha boa proba disto é a propia sentenza do TSXG contra o proxecto Alicia 5917. No texto da sentenza, as probas periciais que se achegan sobre o impacto negativo falan dunha "*relevante afectación á estrutura agrolóxica do terreo (...) que incorpora un solo de alta produtividade agrícola ou gandeira, característico do solo rústico de protección especial agropecuaria, e concorre no seu espazo a recente concentración de Goá (Cospeito), o que afecta 852 hectáreas, existindo ocasionalmente carballos e castiñeiros, afectando relevantemente a estrutura viaria, tres vías da rede primaria complementaria e dúas da rede provincial secundaria, así como canles hidrolóxicas e zonas inundables...*".

En virtude desta sentenza desestimatoria e do enorme impacto probado que tería a explotación mineira de cuarzo na Terra Chá, dende o SLG entendemos que a Dirección Xeral de Enerxía e Minas debe declarar a caducidade das concesións mineiras na Terra Chá de maneira inmediata.

IMPOSTOS ▸ O concello pretendía equiparar os inmobles rurais aos urbanos aplicándolles a taxa máxima do 0'9%

O SLG ve excesivo o IBI para bens rústicos n'A Pastoriza

Coma noutros concellos, n'A Pastoriza levouse a cabo unha regularización catastral entre o 26 de xuño de 2015 e o 30 de xullo de 2016. En pleno procedemento de regularización, o Concello da Pastoriza subía o Imposto de Bens Inmobles (IBI) co gravame máximo que permite a lei: un 0'9% para os bens rústicos. Dende o Sindicato Labrego denunciamos o que nos parecía unha fiscalidade excesiva e, no pleno do pasado 17 de setembro, o equipo de goberno aprobaba un gravame para o IBI de rústica máis baixo que o decidido nun principio -o 0'6%- pero que segue a ser excesivo.

Por todo isto, e aproveitando o período de alegacións á ordenanza do IBI, dende o SLG fixemos unha serie de achegas e demandas para tentar mellorala e que este imposto non sexa lesivo para os colectivos e sectores económicos máis vulnerables do medio rural.

En primeiro lugar, parécenos insuficiente a redución do gravame do IBI en rústica, xa que a lei permite cobrar un mínimo do 0'3%, e a proposta do concello é cobrar un 0'6%. Para o SLG, o concello debería ser sensible cos colectivos sociais máis necesitados de exencións fiscais. Por exemplo, a lei permite bonificacións do 95% aos bens rústicos das cooperativas agrarias e de explotación comunitaria da terra, ou a aquelas actividades económicas declaradas de especial interese ou utilidade.


O SLG mantivo encontros informativos coa veciñanza d'A Pastoriza sobre o IBI

COMPRA PÚBLICA DE ALIMENTOS ▸ O GIEEA da Universidade de Vigo analizou nunha xornada a importancia da elección de criterios da Administración para mercar alimentos

Comedores escolares, a materia pendente do sistema educativo galego

Os criterios de compra dos produtos que fornecen os comedores escolares poden ser ferramenta de transformación social



Nestas xornadas organizadas pola Universidade de Vigo, ás que tamén asistiu o SLG, participaron representantes de Anpas, concellos, partidos políticos, empresas de cátering e servizos de cociña, estudantes de dietética e familias

O 16 de decembro, o Grupo de Investigación en Economía Ecolóxica e Agroecoloxía da Universidade de Vigo (GIEEA) celebraba unhas xornadas moi interesantes sobre comedores escolares. Nelas, participaron Conchi Docampo e Conchi Mogo, integrante e técnica de apoio da Executiva do SLG, respectivamente.

Tomando a alimentación nos colexios como "*motor de transformación nutricional para os nenos e nenas e, deste xeito, de transformación social*", estas xornadas fixeron posible un debate sobre os comedores escolares no que se falou de "*novas propostas baseadas na sustentabilidade, das experiencias máis innovadoras no territorio español e sobre a necesidade de modificar as compras públicas de alimentos no ámbito educativo*". Isto foi posible grazas á participación de relatores e relatoras de Cataluña, Cantabria, Asturias, Aragón e Madrid. Os galegos e galegas que falaron foron Javier Sánchez, presidente da Confederación de Asociacións de Nais e Pais (ANPAs) Galegas; Beatriz Ferreira, da Plataforma Galega por unha Alimentación Responsable; e Xabier Simón, profesor da Universidade de Vigo e director do GIEEA.

73.000 menús diarios poden ser un revulsivo na agricultura

Xabier Simón comezou tirando de datos estatísticos para bosquexar a importancia dos comedores escolares na Galiza. Na actualidade, os comedores escolares públicos galegos subministran 73.000 menús diarios en 613 comedores. Destes, 302 xestiónanse directamente polo centro escolar, 133 por empresas, 136 por ANPAs e, finalmente, 42 son de competencia municipal.

Con este volume de consumo poderíanse desenvolver importantes iniciativas de carácter medioambiental, sanitario e económico se os poderes públicos orientasen a estas fins as compras para fornecer estes comedores. Nisto incidiu Xabier Simón, explicando os criterios que deberían primar á hora de mercar alimentos.

Por exemplo, poderíase esixir que os alimentos a mercar fosen de produción ecolóxica e respectasen determinados criterios ambientais ou sociais. Porén, a lei non permite que na compra pública se dea prioridade a unha determinada procedencia nin a unha distancia máxima de transporte do alimento; neste senso, o máximo que poderiamos facer é especificar que o alimento siga un circuíto curto de comercialización. Neste senso, existen criterios que poden axudar a que o produto final mercado sexa de proximidade: esixir alimentos frescos, cun tempo máximo entre a recolección e o consumo; elaborar os menús en base a alimentos de tempada; ou apelar a criterios de calidade que cumpran determinadas denominacións de orixe ou indicacións xeográficas protexidas que nos interese incluír nos menús.

Desta maneira, á hora de adxudicar puntuación a uns determinados baremos na contratación de alimentos, as administracións deberían primar os criterios devanditos. Así, pódese dar unha maior puntuación aos menús que respondan a criterios ambientais, aos que inclúan unha determinada porcentaxe de produtos ecolóxicos e de tempada, aos que utilicen menos envases, ou aos que garantan beneficios sociais.

Xabier Simón tamén incluíu o custe do ciclo de vida como criterio de adxudicación, de maneira que o alimento reflicta o custe en cuestións como a emisión de gases con efecto invernadoiro ou contaminantes.

Finalmente, Xabier Simón puxo en valor as iniciativas postas en marcha por colexios, concellos e ANPAs que abordan temas "*moi importantes para a saúde nos nosos fillos e fillas*" como, por exemplo, tentar que os comedores escolares se vinculen coa produción local e de proximidade e se convertan en "*espazos diferentes*" que non se limiten a "*dar proteínas e carbohidratos, senón que sexan unha ferramenta útil para a transformación educativa dos escolares*".

SEGUE ▸



Escola Infantil Municipal A Caracola, n'A Coruña: un modelo de xestión a seguir

Beatriz Ferreira compartiu cos e coas participantes o decálogo da Plataforma Galega por unha Alimentación Responsable na Escola:

1. Promover a adaptación normativa.
2. Recuperar a función pedagóxica do comedor escolar.
3. Crear ou manter os servizos de cociña e comedor.
4. Dar cobertura a quen máis o precisan.
5. Respectar a autonomía dos centros de ensino.
6. Controlar e supervisar a calidade do servizo.
7. Fomentar e reforzar a promoción da saúde.
8. Mellorar o medio ambiente e loitar contra o cambio climático.
9. Favorecer estudos relacionados coa alimentación, a saúde e o medio ambiente.
10. Fomentar e reforzar a economía social

Como exemplo práctico citou a Escola da Caracola, un centro educativo municipal do barrio de Mesoiro (A Coruña), para nenos e nenas de 0 a 3 anos. Alí, dende 2014, os menús son ecolóxicos e feitos con produtos locais de catro granxas da comarca. Na actualidade, sérvense 84 menús diarios que se elaboran na propia cociña do centro. Ademais, as familias da Caracola teñen un grupo de consumo para mercar alimentos ás granxas que recollen no propio centro.

As ANPAs apostan pola xestión pública e directa de comedores en todos os centros escolares

A intervención de **Javier Sánchez** estivo centrada nas críticas e demandas da Confederación de ANPAs con respecto ao sistema de comedores escolares actual da Xunta.

A súa reivindicación fundamental é que se abandone a xestión indirecta dos comedores a través de empresas de cátering e sexa a propia Xunta que asuma directamente esta responsabilidade nas escolas públicas. Neste senso, Sánchez criticou o Decreto 132/2013 que é o que regula os comedores escolares, pois dá prioridade á xestión indirecta, abrindo as portas ao negocio especulativo por entidades privadas en detrimento dunha alimentación saudable e de calidade; reduce os controis administrativos sobre as empresas; incorpora persoal non profesional; e remata coa gratuidade para o alumnado transportado.

En definitiva, a Confederación de ANPAs defende que o comedor escolar volva ser un servizo público e gratuíto dirixido a todo o alumnado do ensino obrigatorio, xestionado directamente pola Consellaría de Educación, dispoñendo de cociñas en todos os centros escolares ou, excepcionalmente, nos máis achegados; neste último caso, deberá haber un transporte especializado cando non se cociñe no propio centro.

MEDIO AMBIENTE ▸ Están en perigo directo unha ducia de granxas que manteñen un centenar de postos de traballo


Un vertedoiro industrial ameaza a actividade gandeira de Lousame

O Sindicato Labrego Galego opoñerase ao proxecto e presentará alegacións para denunciar as súas irregularidades

O Sindicato Labrego Galego expresou a súa oposición frontal ao proxecto de macrovetedoiro de refugallos industriais que se pretende instalar no Concello de Lousame e que se encontra en fase de exposición pública.

Para o SLG, a execución deste proxecto, que contempla o enterramento de 770.000 toneladas de residuos en 10 anos, pon en risco unha ducia de explotacións agrarias que xeran case un cento de empregos na contorna inmediata do vertedoiro. Mesmo a parcela de 20 hectáreas na que se pretende instalar o vertedoiro está clasificada como solo rústico de especial protección e forma parte da base territorial dunha granxa de vacas cachenas que, probablemente, se vexa obrigada a pechar ao extinguirse o arrendamento da finca. Da mesma maneira, dende o SLG denunciamos que centos de hectáreas de terreos contiguos ou próximos ao vertedoiro son o sustento fundamental das explotacións que se concentran nas aldeas veciñas.

Para ilustrar o risco de afectación da actividade gandeira, basta lembrar que o lugar de Fontefría, que concentra boa parte das cabezas gandeiras e empregos agrarios directos do Concello de Lousame, se encontra a menos de 400 metros da parcela onde se pretende instalar o vertedoiro. Algunhas das explotacións da contorna, como a cooperativa Tubío Busto de Fontefría, ou a cooperativa Cesares Holstein de Vilar de Reconco, foron seleccionadas entre as mellores de Galiza en 2015 pola Federación Frisoa Galega e galardoadas como "mestres criadores" pola Confederación de Asociacións de Frisoa estatal (CONAFE).



Ademais do impacto negativo sobre varias granxas da zona, este vertedoiro poñería en perigo os ecosistemas ligados aos sistemas fluviais da Ría de Muros e Noia

Ás de Fontefría, habería que engadir as explotacións dos lugares limítrofes do concello de Rois e outras aldeas con grande vitalidade gandeira como Servia ou Comparada, tamén en Lousame.

Por outra banda, o Sindicato Labrego recordou que Lousame é un municipio declarado "zona de especial interese agrario" e que, conforme os datos máis recentes do Instituto Galego de Estadística (2012), as granxas deste concello xeran 311 postos de traballo a tempo completo, o que dificilmente se poden comparar cos 13 empregos que contempla o vertedoiro para os seus 10 anos de actividade (nin sequera son todos a tempo completo nin de contratación directa).

Diante desta nova agresión á nosa gandería, o Sindicato Labrego Galego decidiu entrar no procedemento e, á vista das numerosas irregularidades observadas no proxecto, presentar alegacións. Así, dende o SLG denunciarase a afectación do proxecto aos leitos fluviais que sosteñen tanto as traídas veciñais como o subministro para as explotacións agrarias, amais doutros riscos que ameazan a continuidade e sustentabilidade do modo de vida agrario dos lugares de Lousame e Rois directamente afectados.

DEREITOS CIVÍS ▸ Piden para el case seis anos de prisión por participar nas Marchas da Dignidade de Madrid en 2014

O SLG solidarízase con Emilio Cao e esixe a súa absolución

O Sindicato Labrego Galego apoiou os actos de solidariedade con Emilio Cao, o estudante que, sendo menor de idade (17 anos), foi detido nas cargas policiais que se produciron na manifestación das Marchas da Dignidade en Madrid o 22 de marzo de 2014. A acusación que pesa contra el é a de agresión e atentado á autoridade, feitos que Emilio nega rotundamente e polos que a fiscalía pide unha condena de 5 anos e 8 meses de prisión.

Dende o SLG condenamos a criminalización que o Goberno está a facer das mobilizacións sociais en defensa dos dereitos de toda a cidadanía. Tamén criticamos a desproporción da condena solicitada pola fiscalía contra un menor de idade arrestado no medio dunha enorme confusión, acusado duns delitos que non cometeu.



Unha nutrida comitiva do SLG estivo na manifestación de apoio a Emilio Cao

Para expresar o seu apoio a Emilio Cao e esixir a súa inmediata absolución, o SLG apoiou e participou activamente na manifestación convocada polas Marchas da Dignidade no Carballiño, vila natal de Emilio, o pasado 3 de decembro.

LIBRE COMERCIO ▸ O acordo entre a Unión Europea e Canadá, que se votará o 25 de febreiro, será moi lesivo para sectores como o da carne de vacún e o porcino

A inminente aprobación do CETA deixa Galiza en mans das mineiras canadenses

O 75% das empresas dedicadas a minaría no mundo son deste país norteamericano, entre elas a Edgewater de Corcoesto



Vigo e Ourense (na imaxe) acolleron manifestacións contra o CETA no marca dunha mobilización europea o 21 de xaneiro

Neste mes de febreiro, se non hai sorpresa de última hora, o Parlamento Europeo aprobará o tratado de libre comercio entre a Unión Europea e Canadá: o Acordo Integral de Economía e Comercio, coñecido como CETA polas siglas do seu nome en inglés (*Comprehensive Economic and Trade Agreement*). O máis probable é que a votación sexa favorable porque tanto populares como socialistas europeos xa expresaron a súa intención de votar a favor, e ambos grupos teñen a maioría.

A pesares de tratarse dun acordo de enorme transcendencia, estase a tramitar nun absoluto segredo sen dar ningún tipo de información á cidadanía e, moito menos, preguntarlle a súa opinión ao respecto.

No que se refire aos sectores agrogandeiros, o CETA pode resultar demoledor, sobre todo se temos en conta que o 81% das compañías canadenses son subsidiarias de empresas dos Estados Unidos. Así o denunciou a eurodeputada Lidia Senra Rodríguez nunha rolda de prensa na que, ademais, apuntou un dos máximos riscos de asinar este acordo: "*o 75% das empresas mineiras do mundo están rexistradas en Canadá*".

Así as cousas, a aprobación do CETA suporá que as mineiras canadenses poderán denunciar calquera lei ou goberno que se opoña aos seus proxectos. Un bo exemplo témolo no ouro de Corcoesto, que pretendía explotar a mineira canadense Edgewater a ceo aberto empregando cianuro de xeito masivo. Afortunadamente, a presión da cidadanía obrigou á Xunta a negarlle o permiso de explotación polas graves consecuencias que tería no medio ambiente e na economía da bisbarra. Se isto chega a acontecer co CETA aprobado, Edgewater podería ter denunciado á Xunta diante de tribunais feitos a medida que non terían que someterse ás leis galegas ou estatais onde, con total seguridade, a Xunta sairía condenada e obrigada a indemnizar a Edgewater cunha multa millonaria que correría a conta dos cartos das galegas e dos galegos.

Diante desta ameaza, o SLG participou activamente nas mobilizacións contra o CETA convocadas en toda Europa o 21 de xaneiro. Na Galiza, houbo protestas en Vigo e Ourense.

Canadá poderá exportar 65.000 toneladas de carne de vacún sen aranceis á Europa

As granxas de Canadá sufriron unha reconversión brutal nos últimos anos, industrializándose e orientando as súas producións a exportar. Así, entre 1970 e 2011, Canadá perdía máis dun terzo das súas explotacións. As que quedaron, unhas 200.000, son maioritariamente de tipo industrial, con centros de engorde que poden superar as 20.000 reses, 100.000 se falamos de aves.

Segundo o que sabemos do CETA, os sectores máis prexudicados serán o porcino e o da carne de vacún. Isto é así porque, no intercambio de intereses que houbo nas negociacións, decidiuse que a UE podería exportar a Canadá 16.000 toneladas de queixo sen aranceis a maiores das 13.000 que exportaba até agora, a cambio de permitir que Canadá faga o mesmo con 65.000 Tn de carne de vacún e 80.000 de porcino. Estas exportacións poderían distorsionar o mercado e provocar un afundimento maior dos prezos.

É, precisamente, na gandería onde as granxas europeas se verían máis prexudicadas, pois a normativa canadense é moito máis permisiva en cuestións como o benestar animal ou a utilización de químicos prohibidos: lavado e procesado de carne de polo e tenreira con auga clorada, aclarado carne de vaca con ácido láctico; ou engorde de gando bovino, porcos e pavos con ractopamina.

En canto ás producións agrícolas, Canadá permite pesticidas con neonecotinoides, vinculados á morte de millóns de abellas, ou glifosato. Ademais, Canadá é o cuarto produtor mundial de organismos modificados xeneticamente. Máis alá dos transxénicos para alimentar o gando, en Canadá tamén se producen alimentos OXM só para consumo humano como mazás e salmón que, de aprobarse o CETA, poderían autorizarse e comercializarse en Europa sen pagar aranceis.





Máis de medio milleiro de persoas de 40 países participaron no II Foro Nyéléni de Soberanía Alimentaria, que desta vez se celebrou en Cluj Napoca (Romanía). Nesta páxina podemos ver unha fotografía dalgúns e algunhas das participantes; o cartaz do evento; e a intervención da secretaria xeral da Vía Campesina, Elisabeth Mpofu que, na seguinte páxina, está acompañada por Isabel Vilalba Seivane e Celsa González Ogando



SOBERANÍA ALIMENTARIA ▸ A localidade romanesa de Cluj Napoca acolleu un evento global no que se deron cita medio milleiro de persoas provenientes de 40 países

II Foro Nyéléni: a soberanía alimentaria gaña forza en Europa cos pobos do leste

Organizacións agrarias de países como Romanía, con case 4 millóns de granxas, asumen os retos da Vía Campesina

O II Foro Nyéléni de Soberanía Alimentaria tivo lugar en Cluj-Napoca (Romanía), do 26 ao 30 de outubro, e deu continuidade ao primeiro, celebrado en Mali (África) no ano 2007. Cunhas 600 persoas participantes procedentes de 40 países, este foi o maior evento sobre soberanía alimentaria celebrado até o de agora en Europa.

Neste senso, estiveron presentes unha grande diversidade de persoas implicadas no sistema alimentario, incluíndo labregos e labregas, traballadoras do campo, sindicalistas, investigadoras, activistas, pescadoras, pastoras, pobos indíxenas, consumidoras e defensoras dos dereitos humanos. Entre as participantes estiveron a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, e Celsa González Ogando, coordinadora do SLG na comarca de Compostela.

Un dos principais logros deste foro foi a converxencia de organizacións de Europa oriental e de Asia central coas súas homólogas de Europa occidental. Para **Isabel Vilalba**, "*foi de destacar a alta participación, especialmente de organizacións do leste de Europa, con respecto a outros foros semellantes celebrados en Europa. Isto ten grande importancia, xa que moitos países do leste aínda teñen unha parte importante da súa poboación vinculada a actividades agrarias. Sen ir máis lonxe, Romanía, o país anfitrión, ten 3'7 millóns de granxas, o cal supón que unha de cada tres explotacións agrarias da Unión Europea están neste país*".

No mesmo senso, **Ramona Duminicioiu**, da organización anfitrioa romana Eco Ruralis, advertiu que "*o meirande dos países de Europa do Leste están nunha situación semellante a Romanía: teñen unha poboación labrega moi extensa e vibrante, pero igualmente vulnerable, ameazada polo acaparamento de terras e pobres investimentos por parte dos mercados financeiros internacionais. Esta semana iniciamos a loita rexional e colectiva e intensificamos a coordinación do movemento pola soberanía alimentaria con Europa occidental. Se o movemento pola soberanía alimentaria é forte en Europa oriental e Asia central, serao tamén en Europa no seu conxunto*".

Indo ao miolo do II Foro Nyéléni, a secretaria xeral do Sindicato Labrego explicou que, coa súa celebración, "*demos continuidade a un proceso fundamental que se iniciou en Mali no ano 2003, no que distintos colectivos de diversos ámbitos -agricultura, consumo, medio ambien- te, xustiza social, etc.- nos articulamos para traballar por garantir o dereito a unha alimentación suficiente e saudable de toda a xente producida a través dun modelo sostible que garanta unhas condicións de vida e de traballo dignas. Polo tanto, con este foro construímos alternativas a un sistema alimentario que está feito a medida dos intereses das grandes corporacións que só buscan monopolizar a produción de alimentos e de recursos que deberían ser universais como a terra, a auga ou as sementes*".

SEGUE ▸

A agroecoloxía como elemento vertebrador da axenda Nyéléni para os vindeiros anos

En concreto, no comunicado oficial ao remate do II Foro Nyéléni, explicábase que "para enfrontar a explotación destrutiva do sistema alimentario industrial, o foro decidiu centrarse nunha serie de accións claves. Estas incluíron estratexias en defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras agrícolas, especialmente migrantes; políticas públicas que poñan os recursos naturais (incluíndo a terra, a auga e os dereitos indíxenas de tenza) en mans da poboación local en troques das corporacións; sistemas de distribución de alimentos que dean preferencia aos produtos locais e sans; impulsar un tratado vinculante na ONU que regule en materia de empresas e dereitos humanos, e un movemento máis inclusivo que represente a xente marxinada. E como elemento central de todas estas accións estará a agroecoloxía, entendida como un enfoque radicalmente local, inclusivo e sostible da agricultura".

Respecto da agroecoloxía, o secretario xeral de Urgenci (a rede internacional das comunidades de apoio á agricultura) **Jocelyn Parot**, explicou que "*millóns de consumidores e consumidoras de toda Europa están a apoiar modelos agrícolas alternativos baseados na agroecoloxía: estanse unindo aos labregos e labregas na súa loita por recuperar o control democrático sobre as cadeas alimentarias e piden unha mudanza nas políticas públicas. Estas últimas deben protexer as súas iniciativas en troques de responder a imperativos comerciais destrutivos. Este foro foi un paso clave para as organizacións de consumidores e consumidoras de cara a desenvolver unha estratexia dentro do movemento pola soberanía alimentaria*".

A defensa da paz como imperativo

Tamén se trataron temas non habituais nos debates sobre política alimentaria, como son a guerra e a barbarie que leva asociada, diante do cal a delegación turca sinalou que é imperativo defender a paz. Neste senso, **Ali Bulent Erdem** de Ciftci-Sen, da Confederación de Sindicatos de Pequenos Agricultores en Turquía, declarou que "*a guerra obriga á xente a abandonar as súas terras, os seus fogares e os seus medios de subsistencia. A crise das persoas refuxiadas en Turquía e en Europa é resultado da guerra. Como defensores da soberanía alimentaria, loitamos polos dereitos das persoas refuxiadas e acollémolas nos nosos países. Para a loita mundial pola soberanía alimentaria é esencial defender a paz*". **FIN ■**



LEITE ▸ A ECVC convocou protestas o 23 de xaneiro para esixir a interrupción desta medida lesiva para as granxas

A CE comeza a liberar leite intervido e ameaza con afundir os prezos

Bruxelas poñerá á venda 22.150 toneladas que poden distorsionar o mercado e anular a tímida recuperación de prezos

A secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, participou, o 23 de novembro, nunha nova xuntanza do Observatorio do Mercado do Leite (Milk Market Observatory-MMO) en Bruxelas. Isabel Vilalba, que asistiu a este foro de diálogo convocado pola Comisión Europea en representación da Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC), destacou como novidade máis preocupante a intención da Comisión Europa de liberar no mercado en decembro un continxente de máis de 22.150 toneladas de leite en po prove- niente das retiradas por intervención pública.

A pesares de que as últimas medidas adoptadas no sector propiciaron que algúns países baixasen o seu nivel de produción, a nivel global na Unión Europea houbo un incremento do 1'5% entre xaneiro e setembro de 2016. Isto notouse en que houbo unha moi tímida recuperación dos prezos que non chegou ao meirande das granxas galegas.

A Unión Europea almacena 355.000 toneladas de leite

En calquera caso, o mercado non está en condicións de recibir un continxente de excedentes de leite, feito que, previsiblemente, influirá negativamente na recuperación da crise do sector lácteo e volverá afundir os prezos.

Porén, a Comisión Europea argumenta que a mellor época para liberar estes excedentes é agora, entre o outono e o inverno, aproveitando a baixada estacional na produción, xa que facelo en primavera ou en verán sería temerario, xa que se dispara a produción de leite.

Tanto dende o SLG como dende a ECVC defendemos no MMO que eses excedentes nunca deberían chegar ao mercado e que cómpre buscar vías alternativas para a súa utilización que non inflúan no prezo do leite, como destinalo a alimentación animal. A nosa posición cobra máis importancia se temos en conta que estas 22.150 toneladas que se liberan agora serían só o comezo, pois na UE hai, agora mesmo, 355.000 Tn de leite en po intervidas.

Por esa razón, ao peche deste Fouce, a ECVC convocara unha xornada de mobilizacións en Bruxelas, o 23 de xaneiro, para esixir a interrupción desta medida tan lesiva para as granxas.

Petición para que España vote en contra da medida

Dada a gravidade da medida, Isabel Vilalba puxo esta cuestión enriba da mesa nunha xuntanza mantida coa conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez. A secretaria xeral do SLG pediu expresamente que Galiza se posicione en contra da liberación destes excedentes de leite en po, e que interceda diante da ministra de Agricultura, Isabel García Tejerina, para que faga outro tanto cando a cuestión se trate no Consello Ministerial de Agricultura da UE. Ángeles Vázquez debe ser inflexible nesta petición pois, se este leite en po almacenado se libera, o sector recaerá nunha nova crise de prezos da que Galiza nin sequera comezou a recuperarse.

IRPF ▸ A pesares de terse aprobado 618 expedientes en 2016 para apoiar xente nova que empeza na profesión, non se solucionaron os impostos abusivos

O SLG reclama a exención fiscal nas axudas de incorporación ao agro

A mocidade beneficiada é acosada pola AEAT e pode chegar a tributar até un terzo da subvención entre IRPF e sancións

O ano 2016 remataba coa conselleira de Medio Rural, Ángeles Vázquez, presentando o reparto de fondos europeos do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (PDR) 2014-2020 para apoiar pequenas granxas, plans de mellora nas explotacións agrarias e a incorporación de xente nova.

Dende o Sindicato Labrego Galego vemos positivamente as 618 incorporacións de xente nova ao agro aprobadas, xa que a remuda xeracional e o acceso de mozos e mozas á profesión agraria debe ser unha prioridade de Galiza como país para afrontar retos como a estruturación do territorio, o despoboamento rural, a absoluta dependencia alimentaria do exterior ou o paro xuvenil; retos que non se poden afrontar cunha agricultura, como a nosa, na que máis do 60% dos e das profesionais superan os 60 anos e tan só o 5% ten menos de 40.

Porén, tamén nos preocupa fondamente a ausencia total de medidas para solucionar a morea de problemas que supón para a xente nova que se incorpora á actividade agraria recibir unhas axudas que, en principio, deberían servir para apoiar os inicios dunha actividade profesional.

Lonxe de axudar, recibir esas axudas está a supor para moita xente nova un auténtico viacrucis burocrático, impositivo e sancionador por parte da Axencia Tributaria (AEAT) que, en 2016, supuxo para moitos mozos e mozas unha redución dun terzo da contía recibida e quedar sen liquidez na posta en marcha da súa actividade profesional. Así o temos denunciado dende o SLG en varias ocasións (ver Fouce 312, páx. 13) sen que, até o de agora, ningunha administración teña anunciado medidas para resolver os quebrantos que o acoso da AEAT está a provocar na economía dos mozos e mozas labregas. De seguirmos con esta pasividade na toma de decisións por parte da Consellaría de Medio Rural e do Ministerio de Facenda , é de agardar que os 618 expedientes de incorporación aprobados en 2016 na Galiza vaian sufrir os mesmos problemas.

✔ Necesidade de exencións fiscais para a xente nova

Para o Sindicato Labrego Galego, as axudas para apoiar a incorporación de xente nova ao agro deben estar exentas de tributar impostos, xa que fiscalizalas atenta contra a función para a que foron concibidas e unha excesiva imposición, como o IRPF actual, crea dificultades engadidas ás persoas beneficiarias nun período moi delicado da súa actividade profesional no que se deben enfrontar a numerosas amortizacións e precisan dispoñer de liquidez.



Como medida transitoria, mentres non se regule esa exención, pedimos que se unifique o criterio de ratear o imposto sobre esta subvención durante os cinco anos obrigatorios do período de instalación, tal e como xa fan algunhas administracións e como se fixo até 2014; e que non se lle cobre a ningunha persoa beneficiada a totalidade do IRPF no mesmo ano coma se a axuda fose un incremento de capital.

Dende o SLG instamos á Consellaría de Medio Rural a reunirse coa Axencia Tributaria para tratar todas estas cuestións. Medio Rural debe esixir, de maneira inmediata, a unificación de criterios para que todas estas axudas sexan consideradas investimento de capital por Facenda, de maneira que tributen de xeito rateado; e, a medio prazo, negociar co Ministerio de Facenda a exención de tributos.

VIDA SOCIAL ▸ Tivo lugar no centro social d'A Chave das Noces, en Castroverde

Xente moza de Lugo celebra un magosto labrego

Mocidade Labrega e A Chave das Noces organizaron un magosto, o 19 de novembro, no centro social que esta última asociación ten en Pereiramá (Castroverde). Ademais dos petiscos, castañas e obrigada queimada, os e as asistentes puideron disfrutar da música tradicional e da actuación do contacontos Lois Pérez.



Grazas ás instalacións d'A Chave das Noces celebrouse o magosto labrego ao que asistiu xente de varias comarcas lucenses

ECVC ▸ A finais do mes de novembro, Logroño acolleu un encontro de mozos e mozas da Coordinadora Europea da Vía Campesina ao que acudiu unha delegación do SLG

O acceso á terra é un dos principais problemas da mocidade labrega

Na xuntanza trataronse tamén cuestións como a PAC, a comunicación ou os tratados de libre comercio como o TTIP e o CETA

Do 18 ao 20 de novembro, celebrouse en Logroño (A Rioxa) un encontro de mozos e mozas da Coordinadora Europea da Vía Campesina no que se traballou no intercambio de experiencias centradas na mocidade labrega entre as diversas organizacións agrarias presentes. Asistiron representantes de organizacións de todo o Estado e de países como Francia, Holanda, Austria ou Finlandia. Por parte do Sindicato Labrego Galego, participaron no encontro Sonia Vidal Lamas, gandeira de Xunqueira de Ambia (Ourense); Daniel Rodicio, cunicultor de A Bola (Ourense); e a técnica Conchi Mogo.

Nas dinámicas realizadas ao longo da fin de semana, sinaláronse algunhas das principais preocupacións da mocidade labrega en Europa. Un dos problemas comúns denunciados foi o do acceso á terra, con escaseza de fincas públicas e un prezo excesivamente alto na compravenda e arrendamentos privados, con alugueres que poden chegar a triplicar o valor da colleita, cando a terra para producir alimentos "*debería ser un ben común e non un obxecto privado co que especular*".

Tamén se falou dos grandes retos de traballar pola agroecoloxía e a soberanía alimentaria, desafíos nos que se debe implicar toda a sociedade, e non só labregos e labregas, con campañas que potencien o consumo de alimentos locais fronte ás importacións. Nestes eidos, existen moitas materias pendentes, como a formación en agricultura ecolóxica, e perigos, como o apropiamento que están a facer da etiqueta "ecolóxico" as grandes empresas.



O SLG tamén estivo presente neste encontro europeo celebrado en Logroño

Unha PAC para quen traballe a terra

En política internacional, denunciouse a perversidade do reparto de fondos agrícolas a través da PAC e falouse da necesidade de que "*os subsidios se concedan en función do traballo e non das hectáreas*"; e se coincidiu na preocupación diante de tratados de libre comercio coma o TTIP e do crecente desregulamento da produción de alimentos, co 85% do sector agroalimentario en mans de grandes empresas, que son as que deciden que comemos, que se produce e canto se paga por esas produción.

O encontro de Logroño completouse con outras actividades como a visita aos viñedos e adega do mozo Óliver Villar Estebas; o traballo previo de cara a participar activamente na VII Conferencia Internacional da Vía Campesina, que se celebrará en xuño na vila biscaíña de Derio; ou un obradoiro intensivo centrado en diversos aspectos comunicativos, como a ex- presión en público, as redes sociais ou a seguridade en Internet.

Experiencias en positivo: a Escola de Acción Campesiña

Se no primeiro bloque de traballo se analizaron problemáticas, nunha segunda parte puxéronse en común experiencias en positivo coas que estamos a avanzar. No caso galego, falouse da Escola de Acción Campesiña, na que, cada ano, participan mozos e mozas do SLG xunto a persoas de todo o Estado comprometidas co medio rural e con organizacións e movementos sociais que traballan pola soberanía alimentaria.

Cunha periodicidade anual, a Escola de Acción Campesiña consiste na organización de catro encontros en diversas localidades do Estado -o último foi no albergue das Corcerizas, en Vilar de Barrio (Ourense)- para formar novos liderados políticos e labregos. Deste xeito, preténdese que os mozos e mozas que participan poidan recibir unha formación integral que incorpore un pensamento político aberto acorde á diversidade de realidades e procedencias.

Un informe do TNI confirma o acaparamento de terras en Europa

En decembro, o Transnational Institute publicaba un informe que confirmaba as denuncias feitas por mozos e mozas da ECVC en Logroño: Na UE, o 3% das explotacións acaparan o 52% da superficie agraria útil., mentres que o 75% das granxas con menos de 10 hectáreas, sobre 8 millóns, só dispoñen do 11% das terras de cultivo (19 millóns de hectáreas en 2013, último ano de referencia). No Estado Español, un 5'4% de explotacións controlan o 55'5% da superficie agraria útil.

O reparto de fondos da PAC reflicte o acaparamento de terras: en España, o 1'3% das persoas beneficiadas quedáronse co 23'4% das axudas.

Podes descargar o informe completo en inglés no enlace: bit.ly/TNIterra

25N ▸ Con motivo do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia Machista, a Secretaria das Mulleres do SLG levou a cabo varias iniciativas. Entre elas, a "Xornada contra as violencias machistas", celebrada o 26 de novembro no Pazo de Mariñán (Bergondo) e á que acudiron un centenar de labregas.

Coñecendo as violencias para erradicar a violencia

Con esta xornada, financiada pola Deputación da Coruña, a Secretaría das Mulleres quixo afondar na problemática da violencia machista analizando moitas das súas formas que, decotío, a sociedade invisibiliza. Compartiron este espazo de diálogo activistas de recoñecido prestixio, como Estrela Gómez, coordinadora da Asociación Galega contra o Maltrato a Menores (AGAMME), que falou do impacto que ten a violencia machista sobre os fillos e fillas das mulleres maltratadas; ou Iria Vázquez Silva, dinamizadora da Rede de Mulleres contra os Malos Tratos de Vigo, que compartiu a súa experiencia nos labores de acompañamento e apoio a vítimas da violencia.



A Xornada contra as Violencias Machistas contou coa participación, de esquerda a dereita, de Estrela Gómez Viñas, María Ferreiro e Iria Vázquez Silva

Estrela Gómez Viñas, coordinadora de AGAMME

"540.000 nenos e nenas sofren violencia en España, o 6% da poboación infantil"

A coordinadora de AGAMME comezou a súa intervención fixando o foco nos fillos e fillas das mulleres que sofren malos tratos do seu cónxuxe, tamén expostos á violencia, pero que "*non reciben protección nin se lles afasta do seu proxenitor acusado de maltrato*". Isto débese, explicou Estrela, a que "*existe un prexuízo que leva a pensar que un home que é violento coa súa parella pode ser un magnífico pai*".

Isto é só un síntoma dun problema maior: o silenciamento da violencia contra nenos e nenas. E é que as vítimas, nenos e nenas, decotío non teñen os coñecementos nin os medios para poder denunciar. Pouco axuda o tratamento que se fai desta violencia nos medios de comunicación, onde se magnifican os casos de maltrato escolar, que son só unha mínima parte, e non se fala do espazo onde acontecen a maioría dos episodios de violencia contra a infancia: o fogar.

En España, sobre 540.000 nenos e nenas sofren maltrato. Estamos a falar do 6% da poboación infantil, cifra que se dispara se collemos os datos do Consello de Europa, que falan de que 1 de cada 5 nenos e nenas sofren violencia sexual, é dicir, o 20% da rapazada de Europa.

Estrela Gómez animou a denunciar sempre que teñamos constancia de malos tratos infantís. Neste senso, cómpre non dubidar do que os nenos ou nenas contan, pois cando toman a decisión de denunciar é moi frustrante que a persoa adulta a quen acoden non lles crea.

O certo é que nos custa moito admitir que un neno ou unha nena sufran abusos sexuais de maneira crónica no entorno familiar, pero o 80% dos abusos sexuais prodúcense no seo da familia. Sen embargo, a tendencia é cuestionar o que o neno ou nena conta. "*As vítimas de incesto, unha vez son adultas, contan como algo terrible que as súas nais fosen xordas ás súas peticións. Aínda que nos custe crer que a nosa parella poida estar exercendo abusos sexuais sobre os nosos fillos ou fillas, a priori debemos crelos. É difícil que nenos ou nenas pidan axuda nunha cuestión tan grave coma esta se non é certo*".

María Ferreiro, Secretaría das Mulleres do SLG

"A grande dependencia e o illamento de moitas labregas fainas máis vulnerables"

A responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, María Ferreiro, foi a encargada de comezar o diálogo, centrando a súa intervención nos factores que agudizan as situacións de violencia machista no rural, onde a dispersión xeográfica, o despoboamento ou a inexistencia de transporte público fan que "*moitas mulleres maltratadas só se relacionen co seu agresor*".

A esta violencia, segundo María Ferreiro, habería que engadir outra de tipo económico e estrutural que se intensificou nestes anos de crise. "*Traballamos coas mesmas esixencias e en igualdade cós nosos compañeiros, pero moitas veces somos invisibilizadas, non cotizamos á Seguridade Social e non temos dereito a ningún tipo de pensión e, se non somos titulares, non temos nada, o que nos fai absolutamente dependentes do noso cónxuxe. Esa dependencia fainos moi vulnerables en casos de violencia*".

Neste senso, María recordou o fracaso de iniciativas como a Lei de Titularidade Compartida: dende a súa aprobación en 2009 só se deron de alta como titulares 217 labregas no Estado, das cales 17 eran galegas. Sabendo que as estimacións indican que, en España, 300.000 mulleres traballan nos sectores agrarios, e que na Galiza son unhas 35.000, pouco máis hai que dicir.

SEGUE ▸

Iria Vázquez Silva, activista de apoio a mulleres maltratadas

"A pesares de que a Lei contra a Violencia recolle uns dereitos, estes non se cumpren"

Iria compartiu con nós a súa experiencia no acompañamento de vítimas de violencia en Vigo e na zona do sur da provincia de Pontevedra. Para iso, falounos das dificultades e atrancos con que se atopan as vítimas cando dan o difícil paso de denunciar, xa que "*a pesares de que a Lei contra a Violencia de Xénero recolle uns dereitos, estes, ao final, non se cumpren*".

Para empezar, a lei define a violencia de xénero como aquela que padece unha muller a mans da súa parella ou ex-parella, con quen mantivo ou mantén unha relación afectiva. Iria cualificou esta definición como "*moi estreita*", xa que non contempla outras violencias como a económica e estrutural, a simbólica que se dá nos medios de comunicación, a sexual dos contactos non desexados ou a psicolóxica. Para Iria, todas as formas de violencia de xénero teñen un obxectivo: illar a muller. O agresor, normalmente, comeza por enfrontarse á familia e ás mellores amigas da vítima para illala e, cando se produce a violencia física, decotío moitas mulleres non teñen a quen acudir. Ese illamento é aínda máis acusado no rural, como puidemos ver. E por iso dáse con tanta frecuencia que moitas mulleres asasinadas non denunciaran previamente o seu agresor. Así, as leis que protexen as mulleres fallan porque o meirande dos mecanismos de protección só se activan se hai denuncia previa.

Diante desta situación de illamento, e sabendo que moitos dos mecanismos de protección contemplados pola lei non funcionan, a función de acompañamento das vítimas tórnase esencial, sobre todo antes de que se dea o paso de denunciar: "*Cando as mulleres maltratadas entran nun proceso xudicial, é moi frecuente que se sintan soas e desamparadas. Denunciar non é doado, é un auténtico labirinto. Moitas mulleres acaban botándose para atrás na súa denuncia porque se senten soas e desamparadas no proceso.*"

Factores como a tardanza en recibir asistencia xurídica dun avogado ou avogada de oficio; non ter con quen deixar os fillos e fillas mentres se fan os trámites; a escasa formación da policía, dos letrados e letradas ou do funcionariado xudicial en materia de violencia de xénero; tampouco axudan. Isto agrávase nos xulgados ou comisarías de vilas pequenas que non contan cos medios suficientes para que se cumpra a lei e a vítima non se vexa exposta á presenza do agresor ou da familia deste durante o proceso xudicial.

"*Tamén hai moito que mellorar nos servizos sociais*", engadiu Iria, pois "*en centros de información á muller como os de Vigo ou A Coruña están dando citas para a psicóloga ao cabo de un mes e medio da solicitude. Se decides chamar aos servizos sociais porque tes unha situación de violencia na casa e queres falar cunha psicóloga, deben atenderte de xeito urxente porque se tardan moito en atenderte, igual despois xa non te atreves a ir*".

Nese acompañamento ás vítimas que se fai dende asociacións como a Rede contra o Maltrato de Vigo, é fundamental "*respectar as decisións da muller maltratada, o momento no que están, e non aconsellar o que teñen ou non teñen que facer. Facer escoita activa e estar aí para o que ela necesite. É moi importante que as mulleres non estean soas nestes procesos, nin na denuncia, nin na comisaría, nin nos xulgados, nin ao ir a casa recoller as pertenzas*".



Intensa actividade nas semanas previas ao 25-N

Previamente á celebración do 25 de novembro, a Secretaría das Mulleres do SLG desenvolveu unha intensa campaña formativa dirixida a labregas e mulleres do rural con obradoiros (ver Fouce 313, páx. 21). Ademais, a Secretaría das Mulleres volveu participar activamente na mobilización convocada o 25 de novembro pola Marcha Mundial das Mulleres e outras organizacións feministas na Galiza para denunciar a inacción dos poderes públicos dian-te desta lacra, e esixir cuestións para nós básicas como que a loita contra o terrorismo machista sexa unha cuestión de estado, ou que a prevención sexa unha política prioritaria para a que non se escatimen medios e financiamento.

Neste marco de colaboración con outras organizacións e entidades, a Secretaría das Mulleres do SLG tamén apoiou a iniciativa comezada o ano pasado polo Concello de Santiago baixo o slogan "En negro contra a violencia", cuxo obxectivo é promover e evidenciar o forte rexeitamento social que suscita na cidadanía calquera tipo de violencia contra as mulleres. As accións desenvolvidas consistiron en tinguir de negro os escaparates de 17 cidades e vilas (Santiago de Compostela, Ames, A Coruña, Ferrol, Lugo, Ribadeo, Sarria, Vilaba, Zas, Cangas, Carballo, Poio, Sada, Teo, Tui e Pontevedra) vestindo de loito os manequíns e expoñendo roupa negra en sinal de loito por todas as mulleres que sofren violencia machista e como resposta á máis dura das súas consecuencias: a morte.

Tentamos con toda esta actividade, dende a Secretaría das Mulleres do SLG, contribuír á loita colectiva contra unha lacra que alimenta estatísticas como que o 13% das mulleres en España menores de 16 anos teñan sufrido violencia física ou sexual nalgún momento da súa vida por parte da súa parella ou ex-parella, disparándose a porcentaxe ao 26% cando falamos de violencia psicolóxica de control e ao 20% se é violencia psicolóxica emocional. E o peor de todo é que só en 2016 xa foron asasinadas 46 mulleres en España das cales dúas eran galegas: Ana Gómez Nieto (12/02/16 en Becerreá) e Tatiana Vázquez Abuín (10/04/16 en Lugo).

Por elas, por nós, dende a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego seguiremos activamente en loita contra calquera forma de violencia que teña mulleres como vítimas non só o 25 de novembro, senón todos os días do ano como fixemos até agora a través do contacto permanente coas nosas afiliadas e coa nosa rede de oficinas Punto Delas, a través das cales asesoramos e prestamos apoio a mulleres do rural que sofren violencia. **FIN ■**

Apoio financeiro para explotacións leiteiras

Axudas dirixidas a apoiar o financiamento de explotacións leiteiras a través do refinanciamento de pasivos e do apoio ao circulante.

1. Refinanciamento de pasivos: Para aquelas explotacións que formalicen un préstamo a longo prazo que se destine a cancelación, en todo ou en parte, de pasivos financeiros que lles vaian vencer a curto ou medio prazo.

2. Apoio ao circulante: Para pequenas e medianas empresas que formalicen un préstamo que se destine ao financiamento do seu activo corrente (pagamento de nóminas dos traballadores, tributos, Seguridade Social, alugamento, leasing, provedores, acredores por prestación de servizos, reparacións, cotas de débedas bancarias a longo prazo no momento do seu vencemento e cotas de leasing).

As axudas consisten en bonificación dos xuros do préstamos ou en garantías e avais.

O prazo de solicitude remata o 31 de outubro de 2017.

Indemnizacións polo sacrificio obrigatorio de gando

Indemnizacións polo sacrificio obrigatorio ou morte de animais, ou pola destrución de produtos, no marco de programas ou actuacións oficiais de vixilancia, loita, control ou erradicación de enfermidades animais, e pola morte de animais no contexto das medidas de execución de actuacións sanitarias oficiais ou como consecuencia directa de tratamentos, manipulacións preventivas ou con fins de diagnóstico.

Prazo de solicitude até o 30 de novembro de 2017.

Compensacións e reposición por sacrificio de gando

Axudas para compensar o lucro cesante nos casos de inactividade nas explotacións de gando bovino, ovino e cabrún con motivo da vixilancia, loita, control ou erradicación de enfermidades destas especies, levados a cabo no marco de programas ou actuacións sanitarias oficiais; e para mercar animais das especies bovina, ovina e cabrúa que teñan por obxecto a reposición de efectivos, naquelas explotacións en que se ordenou o sacrificio de animais destas especies, despois do diagnóstico dunha enfermidade sometida a un programa ou a unha actuación sanitaria oficial de vixilancia, loita, control ou erradicación; tamén se incluirán os casos de animais desas especies que morresen neses marcos sanitarios oficiais citados e os casos de morte/sacrificio deses animais en consecuencia dun programa oficial obrigatorio de vacinación.

O prazo de solicitudes remata o 30 de novembro de 2017.

Axudas para paliar os danos producidos polo lobo

Axudas a favor dos/das titulares de actividades gandeiras afectad@s polos ataques do lobo ás reses das súas explotacións, coa finalidade de compensar os danos ocasionados no seu gando, e proceder á súa convocatoria para o ano 2017.

Os danos comunicados entre o 1 de outubro de 2016 e o 20 de xaneiro de 2017 até o 5 de marzo de 2017 para solicitar as axudas. Para os ataques producidos dende o 20 de xaneiro, o prazo de presentación de solicitudes será de 45 días contados dende a notificación do dano. Cómpre ter en conta que o danto hai que comunicalo á Consellaría de Medio Ambiente, a través do teléfono 012, nun prazo de 24 horas dende a constatación do ataque. Se cadra esa constatación entre as 17.30 horas dos sábados e as 8.00 horas dos luns, as 24 horas cóntanse dende as 20.00 horas do domingo.

Revisións médicas gratuítas para persoas afiliadas ao SLG

O Sindicato Labrego Galego, no marco do convenio de colaboración co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), vén de dar comezo á campaña 2015 de recoñecementos médicos gratuítos para labregos e labregas, que se levarán a cabo nos centros provinciais do ISSGA. Estes recoñecementos médicos estruturaranse do seguinte xeito:

- ✔ Anamnese e historia clínica individualizada do traballador ou traballadora.
- ✔ Historia laboral.
- ✔ Exploración física específica.
- ✔ Estudos complementarios:
- ✔ Control-visión.
- ✔ Tonometría.
- ✔ Probas de funcionalismo pulmonar.
- ✔ Audiometría tonal liminar por vía aérea e ósea.
- ✔ Impedanciometría.
- ✔ Electrocardiograma.
- ✔ Análise clínica: Bioquímica, hematoloxía e fórmula leucocitaria, velocidade de sedimentación, reacción antibrucela, PSA, análise de ouriños.
- ✔ Outras probas que sexan necesarias, a criterio do médico.
- ✔ Elaboración e envío do informe médico coa impresión diagnóstica.
- ✔ Recomendacións.

Para mais información e para concretar a participación nos recoñecementos debes dirixirte ao teu local do SLG, onde se formalizará a solicitude e se especificara a documentación que debes achegar.

Co financiamento de:

XUNTA DE GALICIA

Axudas ao procesamento, tecnoloxías e comercialización de produtos forestais

Poderán ser beneficiarias as pequenas e medianas empresas (pemes) do sector forestal radicadas en Galicia.

Son subvencionables os investimentos relativos ás operacións de aproveitamento, transformación e comercialización dos produtos forestais (madeira, cogomelos, castañas, plantas aromáticas e medicinais, biomasa e outros produtos forestais).

A maiores, poderán ser obxecto de axuda a implementación de plans empresariais con criterios de xestión forestal sustentable e as cadeas de custodia dos sistemas de certificación forestal, excluída a adquisición de maquinaria.

O prazo de solicitude remata o 25 de febreiro.

Axudas para prever os danos causados nos bosques por incendios e desastres naturais

Poderán beneficiarse as sociedades de fomento forestal (Sofor), propietarios particulares, asociacións e agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas, cooperativas agrarias, proindivisos, montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, comunidades de bens, entidades locais, outras persoas xurídicas e comunidades de montes veciñais en man común. Hai dúas liñas de axuda:

1. Axudas para realizar prácticas preventivas, de carácter local e a pequena escala, que permitan crear descontinuidades verticais e horizontais da cuberta vexetal e o control selectivo de combustible, como son rozas, desmestas, rareos e podas, coa finalidade de prevención de incendios.

2. Axudas para realizar tratamentos silvícolas (rareos, desmestas, podas, cortas de formación, rozas, etc.) e **plantacións** puntuais de determinadas árbores, directamente vinculados ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques.

O prazo de solicitude remata o 25 de febreiro.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndense
-Grada de 18 discos marca Calagri.
-Arrincadora de patacas de dous regos marca Cerezo.
☎650 019 275

Véndense
-Rolos de herba seca de 1'40 na zona de Oza-Cesuras.
☎619 267 520 (Carlos)

Véndese
-Rolos de herba seca en Santa Cristina (Cospeito)
☎982 505 755

Véndese
-Muíño de tractor e máquina de limpar.
☎648 718 864

Véndese
-Circuíto de muxido de tres puntos, seminovo, marca Alfa-Laval
☎982 574 687 (Concha)

Véndense
-Silos de penso de 3.000 kg, 5.000 kg e 10.000 kg. con sinfín.
En Arneiro (Cospeito)
☎676 128 939

Véndense
-Torno mecánico modelo Cumbre 022, con coitelas e portacoitelas modernos.
-Vacas e xovencas de leite.
En Xestoso (Monfero).
☎679 565 463 (María)

Véndense
-Xatas e xovencas de 1 ano de idade de raza Limiá. Puras e inscritas no libro xenealóxico da raza na Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga). Libres de IBR, BVD e neospora. Mansas. Están en Rois (A Coruña).
☎649 565 136

Véndese
-Comedeiro para botar os rolos de silo.
-Xerador de electricidade. Na zona d'O Corgo
☎689 752 400

Véndense
-Ringleiradora e estendedor PZ.
-Ringleiradora de 8 brazos marca KVN GM280G
☎676 268 464 (Vítor)

Véndese
-Autocargador marca Maglosa, modelo RC. Peso máximo: 3800 Kg. Moi bo uso. Zona Portomarín.
☎626 686 509

Véndense
-Rolos de herba ensilada.
-Tanque de inseminación.
-Silo de penso de 12.000 kg con sinfín.
-Silo de penso de 5.000 kg.
-Carro mesturador Hello Dolly de 9 metros.
Todo seminovo. A Pastoriza.
☎639 537 964 (Carlos)

Véndese
-Emboladora Marca Gallinani Modelo 8600.
☎610 422 878

Véndense
-Dous comedeiros de vacas para o aire libre de 12 prazas, en perfecto estado.
-Un comedeiro de becerros acabado de estrear.
-Unha manga.
-100 bolas de silo.
-100 pacas grandes de herba seca.
En Friol (Lugo).
☎659 937 487

Véndese
-Herba seca en bolos de 80x80x240. Na zona de Chantada.
☎670 320 138

Véndense
-Tractor marca Class, modelo Aeron 450, de 130 CV. 2 anos de antigüidade, en perfecto estado. Aínda está en garantía.
-Hilerador Kuhn con rotor de 320 con uso dunha soa campaña.
-Arado de 3 vesos de láminas.
☎630 672 331

Véndense
-Becerros, na zona do Condado-Paradanta.
☎626 442 294 e 986 668 820

Véndese
-Cabra e cabrito de 10 meses.
☎981 790 331

Véndense
-Rolos de herba seca en Poulo (Ordes).
☎659 763 966

Véndense
-Xovencas próximas ao parto.
-Rotativa Marangon MDW245
-Tanque de frío trifásico de 600 litros.
☎636 256 131

Véndense
-Millo para ensilar.
-Camión con caixa isotérmica, plataforma elevadora e 9500 Kg de carga total.
En Oroso (A Coruña)
☎610 454 798

Véndese
-Segadora rotativa Covesa, con 2'10 de corte.
En Mesía (A Coruña).
☎659 927 961

Véndense
-Vacas do pais. Zona de Melide (A Coruña)
☎617 243 526

Véndense
-Crías de can de palleiro nacidos o 25 de xuño.
☎676 268 464 (Vítor)

Véndense
-Rotativa de 2 Tambores e 1,85m .
-Tractor Ebro 470 con pa, dobre embrague e dirección.
-Remolque esparexedor de esterco.
☎667 469 962

Véndese
-Touro Limousin. Menos de 4 anos e moi manso. Na zona de Lugo.
☎685 884 257

Véndese
-Renault Megane con 170.000 Km. e 15 anos. Ten gancho para remolque, cinco portas e o propietario é unha persoa maior.
☎659 993 345

Véndese
-Motosegadora Bertolini Anvaso, motor Lombardini.
☎686 596 260 (Ovidio)

Véndese:
-Sala de muxido Manus de 5 puntos, en espiña de peixe (bomba de baleiro, cristais, tubaxes, etc.).
-Tractor Renault 113-14-TX.
-Segadora rotativa Vicon de 2,17 de corte.
-Remolque de botella.
-Furador para poñer estacas.
-Autocargador Marangón.
☎649 310 981 ou escribir a antoñitosalgado@gmail.com (Antonio)

Véndense
-2 vacas en Monfero (A Coruña).
☎981 196 689

Véndense
-Vacas de raza Rubia Galega, baleiras, preñadas ou con becerros. por cese de granxa.
-Herba seca empacada.
Por cese de granxa en Guntín de Pallares (Lugo).
☎982 160 282

Véndese
-Pincho hidráulico para tractor: 2 botellas, cazo e forcada.
-Ferramentas de albanelería. Prezo a negociar.
☎676 739 142

Véndese
-Bebedeiro de 2.000 litros galvanizado, seminovo.
☎637 545 179

Véndese
-Abono de vaca a 70€-tractor.
-Becerras de 8 meses, de raza Rubia Galega.
☎660 136 414.

Véndese
-Sulfatadora de tractor de 450 litros e 6 m. de ancho de brazos, coa bomba nova.
☎610 258 060

Véndese
-Remolque para transportar quad.
☎696 090 165

OUTROS

Alúganse
-Cortes de 630 m² con sala de espera, sala de muxido e leitería.
-Pozo de xurro de 300.000 m³ con rampla.
-Fincas por 159 ferrados
Por xubilación, na Cima de Aranga.
☎699 580 927 (Ángel)
646 098 972 (Luisa)

Regálase
-Esterco de vaca, na zona do Condado-Paradanta.
☎626 442 294 e 986 668 820



Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

TELÉFONO DE EMERXENCIA
PARA CASOS DE VIOLENCIA
CONTRA AS MULLERES
016
Non permitas que te maltraten!
Chamada gratuíta e secreta
(non se rexistra no recibo)

PUNTO delas
UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE invista no teu futuro"
XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral da Igualdade
COLABORA:
Secretaría das mulleres
PUNTO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES DO RURAL
ASOCIACIÓN PUNTO DELAS - SECRETARÍA DAS MULLERES

Sonia Couso ▸ Secretaria da Cooperativa Amarelante

FOUCE 314
Inverno 17
sindicato labrego galego
comisións labregas

A Cooperativa Amarelante dedícase á xestión integral de soutos en Manzaneda. O seu exemplo, ao recuperar fincas de castiñeiros abandonadas para crear riqueza no rural é importante porque sería extensible a amplas zonas despoboadas de Galiza. Para afondar nesta experiencia, conversamos coa secretaria da cooperativa, Sonia Couso, cuxa formación en economía e traballo como xestora de fondos europeos é útil a un proxecto no que seguen a ser indispensables os saberes labregos.

"Amarelante concibiuse para que o valor engadido da castaña quede en Manzaneda"

Que é Amarelante?

Amarelante naceu en marzo de 2013 a raíz dunha convocatoria da veciñanza por parte do Concello de Manzaneda para buscar xeitos de dinamizar a economía local. Unha das propostas que xurdiron foi a de aproveitar os soutos abandonados que había no municipio. Así, xuntámonos dez parellas, con idades entre os 30 e os 45, coas nosas familias, case todas de Manzaneda, para crear Amarelante.

Foi difícil comezar?

Até agora as cousas foron ben. Empezamos de cero e, en tres anos, xa nos fixemos coa maquinaria para procesar castaña -secadoiro, peladora e muíño- e cunha nave.


©Natalia Nogueira

Esas instalacións das que falas, ¿están todas en Manzaneda?

Si. O noso proxecto foi concibido para que o valor engadido da castaña quedase en Manzaneda e non nun polígono industrial calquera. De feito, gústanos salientar a parte social da cooperativa, o feito de que formamos parte da comunidade. Por exemplo, todos os anos, polo Nadal, Amarelante leva o Pandigueiro a Manzaneda para deixarlle chocolate e castañas á rapazada e participamos activamente na festa do Entroido.

Cantas hectáreas tedes?

Agora mesmo, unhas sete e media en varias fincas e parroquias de Manzaneda, e algo en Trives. En total, algo máis de 500 castiñeiros que nos dan uns 35.000 quilos de castaña, principalmente de variedade Amarelante, moi boa en fresco.

Son vosos os soutos?

Algunhas fincas son propiedade de cooperativistas, outras arrendámolas. A realidade galega é a que é, e xuntar unha hectárea é complicado. Nós non plantamos, senón que recuperamos soutos, o que che obriga a negociar coa persoa ou persoas propietarias.

Así será difícil aumentar a superficie que traballades.

Encantaríanos poder xestionar máis soutos, pero agora mesmo non temos máis capacidade física para facelo, especialmente na primeira fase, de recollida, limpeza e mantemento das fincas. Nesta fase, traballamos como se facía hai cincuenta anos e precisamos moita man de obra. Estamos a falar de soutos irregulares, ás veces con moita pendente, onde é moi difícil introducir maquinaria. E as máquinas aptas para este tipo de terreos necesitarían un grande investimento sen deixar de ter inconvenientes, como non seleccionar os froitos.

Só producides castaña?

De momento si, só castaña, tanto en fresco, como seca e fariña. De todos xeitos, Amarelante naceu para facer xestión integral de soutos, e así está contemplado nos seus estatutos. Iso inclúe, ademais de castañas, outros produtos como mel e cogomelos.

E que tal vos vai coa fase de comercialización nestes primeiros anos?

A castaña fresca, de variedade Amarelante, vendémola a maioristas e intermediarios, xa que agora mesmo non facemos a fase de esterilización, o que nos impide venderlle directamente a tendas. En canto á castaña seca e á fariña, sacámolas ao mercado a comezos de 2016, comezando cunha pequena produción que non chegaba aos 1.000 quilos, polo que non foi difícil atoparlle saída. Este ano xa producimos ao redor de 6.000 quilos. De momento, estamos comercializando sen problema.

Pensas que é posible e viable crear máis empresas como a vosa dedicadas a xestionar os soutos?

Claro que si. Sobre todo nas provincias de Lugo e Ourense, onde hai moitos soutos abandonados. Calquera opción, sexa a nosa, sexa a recollida estacional da castaña, é interesante. Contra máis produtores haxa, o mercado tenderá a regularse mellor e a negociación cos compradores será máis doada.

Que botades de menos por parte da administración á hora de apoiar proxectos coma o voso?

A nivel xeral, hai unha carencia moi grande á hora de acompañar a constitución de proxectos cooperativos como Amarelante. Hai unha morea de trámites e papelame innecesarios polos que tes que pasar. E a carencia dun rexistro electrónico de cooperativas obrígache a ter que facer trámites en persoa continuamente.

Cando nós empezamos, as condicións para acceder a axudas no sector da castaña estaban orientadas a favorecer grandes industrias. Sorpréndeme que se apoie a plantación de castiñeiros, que até Amancio Ortega se dedique a esta actividade e reciba axudas, pero que ninguén fale de apoiar a xestión dos que xa están plantados. Non existen axudas para xestionar os soutos: xa non digo económicas, nin sequera técnicas ou de investigación. Está ben apoiar as novas plantacións, pero ¿que se fai cos soutos que xa producen? Arrincámolos e plantamos castiñeiros novos?